

# NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 3 | Edición nº 28 | Abril de 2017 | Prezo 2 euros

Entrevista  
con Xaquín  
Fernández  
Leiceaga



Páxina 4

Novos usos  
para os  
peiraos da  
Coruña



Páxina 7

35 colectivos  
da Mariña na  
Mesa do  
Turismo



Páxina 10

Salvaterra –  
Tui senda  
fluvial



Páxina 15

Entrevista  
con Enrique  
López Veiga



Páxina 18



## Mes de Festas Gastronómicas no Miño e Sil

**F**eiras do Viño de Ribeiro, Amandi ou Quiroga, Festa da Lamprea en Arbo, do Requeixo e do Mel en As Neves da Carne ao Caldeiro en Carballo, o Salón do

Viño e Licores Galegos de Calidade en Expourense... abril é bo mes para gozar das riquezas do Pai Miño e do Sil.

Suplemento especial no interior



centro médico  
EL CARMEN



TU HOSPITAL DE REFERENCIA

## NUEVAS INCORPORACIONES

**CARLOS MÜLLER**: Especialista en Urología  
Unidad de Incontinencia y Suelo Pélvico

**CRISTINA UZAL**: Especialista en Psiquiatría

**VIKY SALAZAR**: Especialista en Nutrición

CONSULTA DE HEMATOLOGÍA CLÍNICA



988 223 400



[www.centromedicoelcarmen.es](http://www.centromedicoelcarmen.es)

## Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

### A peor crise da Unión Europea

Cumpríronse este sábado 60 anos da sinatura do Tratado fundacional da Comunidade Económica Europea, o precedente da actual UE. E, verdadeiramente, a Unión está a sufrir a peor das moitas crises polas que pasou ao longo deste tempo. Esta semana o Reino Unido pedirá formalmente a súa saída, mentres as eleccións francesas e xermanas paralisan calquera caste de decisión sobre o futuro da Unión.

Dende o Tratado da UE (1992) a unificación europea abandonou o pulo social e cooperativo dos pais fundadores, todos pertencentes ás tres ideoloxías da postguerra (socialdemócratas, democracia cristiá progresista e social liberais) que tentaron conciliar na Europa o mercado coa regulación das súas correccións en beneficio da mellor redistribución de rendas e igualdade de oportunidades. Dende Maastricht, pola contra, a Unión ratifica a súa aposta por unha gobernanza oligárquica e moi pouco democrática. Alicérase a unión monetaria sobre un euro demasiado aprezado para as economías do sur e sobre un Banco Central Europeo como Autoridade Monetaria con plenos poderes alleos a calquera control parlamentario.

Mentres, os Estados membros usan da súa capacidade de bloqueo e frean calquera tentamento serio para avanzarmos na coordinación fiscal, na unión bancaria e no afortalamiento de

políticas comúns exterior e de defensa. Das Institucións comúns (Comisión e Parlamento Europeo) saen continuamente propostas de máis e mellor Europa no social, no I+D, na descentralización territorial e no uso eficiente dos Fondos europeos, no control bancario, no artellamento do Orzamento da Unión Europea como instrumento de cohesión social e territorial... Mais o bloqueo dos Estados membros atrasa, cando non anula ou desnaturaliza estes esforzos, ademais de presentar diante de cadansúas opinións públicas os problemas da convivencia europea (políticas austericidas, crise dos refuxiados) como problemas xurdidos da propia Europa.

O que si funcionou nesta Unión foi a comunidade de Dereito, os seus Tribunais. Foron estes os que construíron un marco de protección para os consumidores non recoñecido até entón na lexislación hipotecaria e financeira española, sempre favorábel á Banca. Polo menos no concreto caso do Estado español o Dereito europeo substituíu a parcialidade do Dereito español.

Esta crise europea vai obrigar decidir arre ou xo. O que non medra morre.



Por Manuel Rego Nieto

### Pensar e ter talento

Diciá Ludwig Wittgenstein que “querer pensar é unha cousa e outra ter talento pra pensar”. Pois no meu benquerido Ourense chegou a “inocentada” antes de tempo, xa que nesta primavera o presidente da Deputación, ao través do “seu” xornal La Región, obséquianos un día sí e outro tamén coas marabillosas relacións que mantén cos EEUU, agora coa administración do impresentable Trump, cos que está a negociar investimentos de todo tipo na nosa provincia.

Iste personaxe, que ten a bendición do xornal ourensán, viaxa aos EEUU ¿a conta de quen? Nos plenos da Deputación nin está coa súa verba, nin resposta ás preguntas que lle fai a oposición, en especial o señor Jácome, de Democracia Ourensana. Limitábase a dicir “ten a palabra o PSOE, Democracia Ourensana ou o BNG”. E de aí non sai nin unha soa verba máis. Claro que a súa dereita está un deputado, un señor Pumar, que vai de cotilleo á súa orella. Mais, ¿de qué falan? A saber.

Ourense, é a única provincia que non mira á mar oceánica, e estase a despoblar, pois segundo as últimas enquisas máis da metade da poboación supera os sesenta e cinco anos. Os xóvenes están a fuxir cara ao extranxeiro e os que quedan buscan unha praza de funcionario de calquera administración. Ser funcionarios é a aspiración dos xóvenes e non tanto, e o noso preclaro presidente do organismo provincial viaxa aos EEUU, sácase unhas fotos con calquera da administración USA. E xa está.

Quen esto escribe traballou arreo para que se fixera o actual Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, que hoxe ten oito mil traballadores. Uns poucos máis hai no Polígono Barreiros (¿De quen sería a idea de

facer elí este pequeno emporio empresarial, tendo terreo abondo no de San Cibrao, e non socavar os montes que o circundan! Pero bueno, o que foi xa foi).

Eu non sei se o que di La Región dos contactos de Baltar Blanco cos persoeiros norteamericanos forma parte do seu ego político ou é unha tomadura de pelo a quenes pensan que xa estamos no 28 de decembro, inocentes eles. É feliz o político do PP, que gaña eleccións que lle deixou en herdanza o seu pai, Xosé Luis Baltar. Unha semente que este home aproveita pra satisfacer o seu ego de



Manuel Baltar co embaixador de España en Estados Unidos, Ramón Gil-Casares.

perdoavidas, e non sacar beneficios reais da Xunta, á que lle dá votos e máis votos, pero á que na nosa esquecida provincia ourensá non se olla por ningures.

Non cabe dúbida de que o pensar non ten cancelas pero o talento, ¡ai!, hai que telo. E que pouquiño fai iste personaxe por nós e polos nosos descendentes. Mais como dixera o toureiro El Gallo: “Hay gente pa tó”.



Por Julia Rodríguez

Por portavoz do PP na Corporación de Monforte

### 0 Alcalde de Monforte convidanos a prevaricar

O que aconteceu o 16 de marzo foi que o alcalde de Monforte convocou un pleno extraordinario para someter a aprobación da Corporación unha cuestión que é manifestamente ilegal. Trae a pleno unha cuestión que non é competencia do pleno, senón que é competencia da Xunta de Goberno local. Podíao aprobar el co seu equipo de Goberno.

E por qué fai isto se normalmente non cumpre cos acordos plenarios e di que non ten por qué cumprilos? Agora somete a

consideración algo que nin sequera nos corresponde a nós. Faino porque é consciente de que isto era unha ilegalidade, que mesmo podería ser constitutiva dun delito de prevaricación e aí sí que nos quere implicar a todos.

Isto revela a condición deste alcalde e ademais é grave porque é a segunda vez que o alcalde trae a pleno unha proposta que vai en contra dos intereses do Concello. A primeira foi o acordo que nos plantexaba con Aqualia e a segunda é esta.

Estamos ante un deses ‘mortos’ que quedan no caixón de Severino, unha venda dunhas parcelas que establecían unas obrigas que os compradores non cumpriron e que se establecía unha cláusula de reversión, é dicir, que se non cumprían tiñan que volver eses terreos ao Concello.

Evidentemente non cumpridas esas obrigas había que darlle unha solución a esta situación. Nós xa advertimos disto e preguntamos no pleno no ano 2014, mesmo pedimos un informe de secretaría, pero non se quixo facer nada.

Este alcalde en ano e medio tampouco abordou esta cuestión, trátase de xestionar sen xestionar e por iso despois nos atopamos con estes problemas. Unha empresa que ten vontade de instalarse, unha empresa que pide unha solución, e o que

se fai é darlle unha solución a través dun acordo plenario que está no marco da ilegalidade.

Non se pode levar a pleno unha cuestión nesos termos e nós pedímoslle ao alcalde que deixase ese asunto enriba da mesa, que busque outras fórmulas para darlle solución a esta empresa e ás outras que podan atoparse nesta situación e por tanto, cando teña algo que sexa legal que o plan-texe. Pero entre tanto non se pode implicar á Corporación na comisión dun delito que era o que pretendía o alcalde.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



## Punto e seguido

A miña última reflexión qje publiquei levaba por título “Punto e aparte”. Nesa reflexión confesaba a miña decepción polas informacóns sesgadas que nos ofrecen os medios de comunicacióndia-rios e as pantallas de televisión. Uns e ou-tros insisten na mesma mantra “vivimos no mellor dos mundos e aqueles que se atreven a desafiar este stato qo son uns dementes, uns irresponsables.

Hoxe quero seguir profunfando nesa mesa dirección pero cunha variante que pretendo compartir con vostedes, os /as lectores.

Como vostedes, meus queridos lectores, teñen cousas máis importantes n que ocu-parse (aparte de buscarse o cocido teñen que estar moi atentos a como van os seus

equipos favoritos nas distrintas Ligas de fútbol) Logo, serei eu que vai tomando notas daquelas “perlas” que, as vecwes sen querer e outras en pequenos breves nos ofrecen a diario os xornais e os tele-xornais. Con sumo cuidado de non moles-tar demasiado aos seus “patrocinadores” os medios de comunicación permítennos in-formacóns curiosos. Dinno, as veces, o que pasa, pero non se atreven a explicar-nos por que pasan esas cousas, por que se dan certos comportamentos . Aquí non se-guen a regra de ouro da información: dicir que ocorreu, cando ocorreu, onde ocorreu e por que ocorreu. Este último apartado é o que lles proen aos medios; mellor dito aos seus directores e propietarios.

Xa está admitido pola “vox populi” que cando os que gobernan se fan impopula-res polo mal goberno aparecen os populis-mos. Enfermidade ou vacina contra o des-goberno?

Vexamos pois. Estes días lemos nun breve que os deputa-dos do Congreso acor-daron por unanimidade aumentar un 11.5 % os seus complementos salariais. Sen em-bargo noutro breve se nos di que o Goberno (Montoro) está estu-dando a posibilidade de subir un 1% (sí, sí, un 1%) os salarios dos empregados pú-blicos. Creo que isto non merece máis co-mentario. Fágano vostedes.

Informannos que a colecta dixital de Pedro Sánchez, na súa campaña informativa para acceder outra vez á secretaría Xeral do PSOE incomoda aos membros do Comité

Federal (unha especie de Comité Central dos coñecidos no mundo socialista/comu-nista) que o defenestraron ilegítima-mente no pasado mes de outubro, con nocturnidade e alevosía, se non me falla a memoria). Queren coñecer con nomes e apelidos quen lle sufraga a campaña a Pedro Sánchez ; non vaia a ser que sexan afiliados cos que Susanita (Tiene un ratón) estea contando que lle van dar o voto . Así teñen a oportunidade de chamar a ca-pítulo a certos militantes que se teñan desmarcada da liña oficial. Isto é moi ha-bitual nos partidos cando ven chegar unha eleccións internas. Quen controle a lista de afiliados e polo tanto o comité de Or-ganización ten un plus de beneficio. Sem-pre poden aparecer a última hora votantes que só estaban na lista oficial e a disposi-ción do candidato/a oficial. Neste caso xa todos sabemos de quen se trata.

Na medida en que vain sendo informa-dos destes feitos non deixen de pregun-tarse a quen beneficia.

Outra perla: O ministerio de defensa terá que pagar 234 millóns sde euros por trece avións que encargou pero que agora decidiu que non precisa.

Ata aquí todo podía ser normal senon fora que Montoro ven de renunciar a bai-xarllelo IVE ao cine porqwue recaudou de impostos o pasado ano 105 millón de euros. O 50% do recaudado en Cultura e o 50% do que ten que pagar polos avións. Can do estean vendo unha película e apa-reza un avión español no ceo da pantalla pensen que vostedes teñen accdións nese aparato.

Seguimos. O goberno valenciano, libe-rado das gadoupas do PP, comenza a de-volución á rede pública da sanidade privada. A area santiaria de Alzira que comprende un 20% da poboación valen-ciana, debe volver á xestión pública. O modelo sanitario Alzira foi impulsado nos anos 90 por o inefable Eduardo Zaplana; os seus sucesores continuaron profundi-zando na mesma dirección. A conselleira de Sanidade do goberno de Valencia de-clara que o informe en marcha pola UDEF fala de suculentas “mordidas”, de sobre-costes de ata 2.6 millóns de euros; que dende o 2008 ningún organismo público

guberna-mental fixo algún control dos gastos e ingresos. Unha auténtica “ política de transparen-cia” que tanto lles gusta proclamar aos do PP. Empresar como Adeslas, Sanitas, Banco Piopular, ata empresas norteameri-canas andaban a pillar cacho.


“Se non e vero e ben trovato” din os il-talianos. É que cousas destas só se poden c rer cando se ven publicadas e n on hai ninguén que as desmintan. Isabel Carragal foi obrigada a seguir traballando con me-tástase de cancer. Morreo tres meses des-pois de que un xulgado lle de negara a incapacidade para traballar. A Seguridade social resposta que “unha enfermidade grave por sí soa non invalida para o tra-ballo”. E isto ocorre nun Estado do Benes-tar a tope, que diría Rajoy. Que sería no Senegal, en Gambia, etc.? Merecémoos estas autoridades sanitarias? En que máns despiadadas estamos?

E para non cansalos máis, voules co-mentar o que seguramente leron por en-riba pero que ten moita “enjundia” que diría un chulapo madrileño.

Resulta que o Xefe do Eurogrupo, Je-roen Dijsselbloem, atreveuse a dicir que os países do sul de europa gastaban os cartos en alchool e mulleres e logo solici-taban axuda ás institucións europeas. Ob-viamente, viuse envolvido por unha avalancha de críticas que solicitaron, in-cluso, a súa destitución . Eu creo que se pasou nas formas pero non no fondo. Non lle quito razón a este señor, de nome tan complicado. Quen non lembra aqueles pa-neis enormes colocados estratéxicamente para que se viran con todo detalle, que non advertían das obras financiadas pola Unión Europea? En Galicia sabemos algo diso e de que os diñeiros foron malamente empregados.) foron malamente invertidos. Aquí todos sabemos cantas obras tiveron o cartaz de “Fainancias por Europa”. Poli-deportivos onde n on habia poboación ni para unha cancha de tenis; aeroportos sen viaxeiros; edificios, en principio des-tinados a unha revolución cultural e artis-tica, e que caseque non se estrearon. Pensemos, por exemplo, no Caserio de D. Manuel Fraga, en Santiago.

HUMOR

Por: Marilena Nardi



# Entrevista

Por Ramón Mariño

Entrevista con Xaquín Fernández Leiceaga, voceiro do PSdeG no Parlamento de Galicia.

## “Feijóo non ten un proxecto integrador económico e social para Galicia”

**A xestora do PSdeG despois dun ano xa leva uns días en interinidade. Que sucederá agora?**

Non sei, non depende para nada de min. En todo caso hai un calendario de congresos que incorporan primarias no PSOE. Eu espero que de aquí a setembro teñamos xa o partido normalizado no sentido de que se teña unha dirección elixida polas bases.

**Postularase vostede á secretaría xeral?**

Eu estou coa responsabilidade do grupo parlamentario e iso ocúpame todo o tempo.

**Sorprendido polo paso adiante de Susana Díaz á secretaría xeral do PSOE?**

Non, eu penso que estaba xa máis que claro se que presentaría. Ademais, no contexto no que estamos é difícil facer prognósticos do que pasará.

**Séntese respaldado polo seu grupo parlamentario?**

Sen dúbida ningunha.

**Cen días da terceira maioría absoluta de Feijoo van alá. Cal é a valoración do grupo socialista?**

Por unha banda Feijóo segue nas mesmas. Nas anteriores lexislaturas axustou o gasto público para cumprir cos criterios de déficit e é o seu único proxecto. Agora que comeza unha certa recuperación teño a sensación que se evidencia máis que non ten un proxecto de crecemento, un proxecto integrador de crecemento social e económico para Galicia. Isto tamén hai que situalo no contexto español. Estes meses evidencian a falta de peso político de Feijoo no PP en España. Isto non permite que a, chamémoslle así, “axenda galega” chegue a bo porto. Dous casos claros son a AP



9, que no Congreso dos Deputados votou en contra a toma en consideración unha proposta unánime do Parlamento de Galicia. O outro caso é o tratamento do AVE. Primeiramente Feijóo di que hai unha prórroga de dous anos sobre a chegada do AVE a Galicia. Veremos ata onde chega.

**Como se pode explicar unha contradición tan grande sobre a AP 9. Aquí a favor e en Madrid en contra.**

Non, non chegaron a votar en contra en Madrid. O que fixeron foi un informe negativo desde o goberno de Rajoy. Este informe negativo paralizou a tramitación. Pódese explicar con que hai unha resistencia do PP conxuntamente para que esa transferencia se faga efectiva. Aquí Feijóo o que fai é manter unha posición que só é

apariencia.

**Sobre o peso de Galicia en Madrid, durante o bipartito non facía máis que botarlle en cara a Pérez Touriño a falta de presenza de Galicia en Madrid. E polo que se ve seguimos na mesma pero con Feijoo.**

Un dato, desde que chegou Feijoo ata o día de hoxe, non houbo nin unha transferencia de competencias a Galicia, con maiorías absolutas do PP en Madrid e Galicia. É certo que os procesos de transferencias vanse esgotando, pero en Galicia hai cincuenta competencias sen transferir, pedidas de maneira unánime polo Parlamento de Galicia, tamén co PP, e ningunha sen executar. É como unha volta a un novo centralismo por parte do PP.

**Acabará Feijoo en Madrid?**

A política española está tan acelerada que é difícil facer previsión máis alá de meses. Penso que tiña intención de preparar o seu salto a Madrid, pero a confirmación de Rajoy como presidente logo das eleccións de xuño, xa lle pechou moitas portas.

**O PP vetou unha proposta do PSdeG para fiscalizar as contas do hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. O PP tampouco quixo comisións de investigación sobre as contratacións dentro da sanidade pública. Estas son manobras de distracción sobre a xestión na sanidade pública galega e en concreto, sobre o hospital de Vigo?**

Creo que o hospital de Vigo está protexido, porque é unha experiencia en Galicia de entregar a xestión a mans privadas de todo

aquilo que non é estritamente sanitario. Como se fose un laboratorio, é como se quixesen controlar toda a información que sae de aí para evitar que se cuestione este proceso. Nós sabemos desde o primeiro momento que este modelo de xestión é caro. Cústalle caro á sociedade galega e nós temos intención de demostrar isto. Non interesa dar a coñecer canto custa.

**Isto explica a actitude do conselleiro Vázquez Almuiña co hospital de Montecelo en Pontevedra que quere que sexa totalmente público?**

No hospital de Pontevedra o debate estaba noutro lado. Por unha banda a ampliación do hospital, postura que apoiaba a esquerda, e logo a construción dun novo hospital que defendía o PP. O PP perde a batalla e acepta a ampliación de Montecelo. Na medida que se trata dun hospital que xa está funcionando e non dun novo hospital, a aplicación dun modelo público-privado é extremadamente difícil. Creo que isto último é o que fixo que optasen pola vía da ampliación. Non é que descarten este modelo, pero saben que en determinados contextos é imposible. Tentaron aplicar este modelo aos centros de saúde e fracasaron. Era un programa sobre sesenta centros de saúde en Galicia que serían construídos en base a este modelo público-privado. Non houbo empresas que se presentaran porque a xestión era moi complicada.

**Habería un choque de lexislacións?**

Non tanto un choque de lexislacións como de difícil rendibilidade do investimento. Penso que este era o problema que tiñan as empresas, iso e que ademais eran

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com  
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.  
Publicidade: Departamento propio e axencias  
publicidade@novasdoeixoatlantico.com  
Fotografía: Hernández e departamento propio  
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:  
**GALIZA:** Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.  
**PORTUGAL:** Vialé Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.  
**MADRID:** – Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.  
**CANARIAS:** Fco. Puñal.  
**NOVA IORQUE:** Fco. Alvarez (Koki)  
**Fotografía:** Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.  
**Humor:** Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



...ven da páxina anterior

pequenas infraestruturas repartidas polo territorio que elevaban moito os custes de control.

**Desde a súa formación como economista, considera o AVE unha infraestrutura necesaria para Galicia?**

Está claro que se puido facer doutro xeito. Hai dous aspectos que a min me parecen mellorables. O primeiro, a desconexión entre transporte de persoas e o de mercadorías. A alta velocidade non é para as mercadorías. Isto debilita moito o proxecto porque sería fundamental para mellorar a nosa competitividade. O segundo, hai erros de deseño. Se tivese que deseñar de novo o proxecto, para min tería máis sentido que a conexión coa Meseta fose máis ao sur e funcionase como unha ele. Pero a saída principal está xa construída e por tanto xa está en marcha. Por outra banda, o AVE desde Galicia a Madrid ten sentido na medida en que foi unha decisión tomada para o conxunto de España. É unha estrutura radial pero que é ineficiente. Os movementos económicos e a concentración de poboación están no litoral. Entre o litoral e Madrid, os territorios están case baleiros. O AVE funciona ben cando hai unha densidade de poboación que o soporta. Posiblemente os AVE do litoral tiñan máis importancia que non algúns dos que xa se construíron.

**Foi polo tema das mercadorías polo que propuxeron un tren de mercadorías para as factorías de ALCOA?**

A Mariña de Lugo, fóra dos ámbitos urbanos é das zonas con máis pulo dentro de Galicia, ten

un grave problema de infraestruturas. A A 8, a Trascantábrica deixa de lado a Mariña Occidental, aí temos a oportunidade de construír un corredor que conecte ese territorio con Ferrol. Este corredor, que comezara Pérez Touriño pero que está moi atrasado nas obras e nas perspectivas. En segundo lugar hai unha actividade pesqueira e industrial no norte de Lugo que cunha conexión ferroviaria melloraría as posibilidades de crear emprego nesa zona. A iso apuntamos nós.

**E o corredor da Costa da Morte?**

Hai uns meses abriuse un tramo, pero nós cremos que debe continuar o proxecto orixinal para conectar o porto de Brens. A Costa da Morte ten un grave problema de despoboamento e regresión económica. É un oco que queda ao pé do Eixo Atlántico pero mal conectada. Creemos que esa conexión debería axudar a tirar para arriba a toda a comarca.

**Galicia xera e exporta enerxía eléctrica. Dentro do territorio, as infraestruturas da rede eléctrica corresponden con esta dinámica exportadora?**

A dinámica exportadora de enerxía eléctrica desde Galicia está ligada á importación de carbón para as centrais térmicas. Se isto non fose así, as nosas contas serían diferentes. Despois, as conexións de alta e media tensión a día de hoxe son razoables. O problema vén na rede de distribución secundaria. Aí digamos que a perda de galeguidade dalgunhas empresas, fixo que os centros de decisión, ao seren de lonxe, non entenderon ben as necesidades que hai en Ga-

licia de mantemento como se veu nos últimos temporais.

**Os datos da EPA de 2016 botan uns datos cun 16% de desemprego en Galicia. O de mulleres desempregadas supera o número de homes desempregados. A mocidade opta en moitos casos por irse. Desde o PSdeG cal é a reforma que se ten que acometer para mudar esta situación.**

Está ben fixarse no desemprego. Pero eu tendo a fixarme no emprego, na outra cara, o que vai peor é a creación de emprego en Galicia. Temos os peores datos das comunidades autónomas durante a crise. Hai dúas dimensións, unha é normativa no conxunto de España. Nós o que dicimos é de derogar a reforma laboral. Así equilibraríase a negociación entre traballadores e empresarios. Tamén para que a negociación colectiva produza mellores resultados. Segundo, hai que actuar nos tipos de contratos para reintroducir a causalidade na contratación temporal. Non temos só un problema de volume de emprego, tamén hai un problema na baixa calidade do emprego que está aparecendo.

Logo temos Galicia. Podemos facer moitas cousas, mais basicamente ten que ver coa política industrial e a política formativa. Temos recursos e temos capacidade, pero hai unha pasividade e parálise por parte do goberno de Feijoo, que é inesplícable no contexto económico actual.

En terceiro lugar, a crise introduciu unha fractura social que tamén é xeracional. Por debaixo dos 35-40 anos están as dificultades. A mocidade atopa traballo

pero é un traballo moi precario. No caso das mulleres, é sobre todo a tempo parcial. Aí temos que revisar todo o sistema de incentivos da Xunta de Galicia para contratacións, porque queremos contratacións indefinidas, e onde sexa necesario por motivos causais, a tempo completo. Na campaña propuxemos, pensando na mocidade, que logo dos primeiros meses de contrato, o emprego apuntase a un carácter indefinido, cunha previsión de dez mil empregos ao ano.

**Non é moi ambicioso?**

Non, é posible facelo desde as contas públicas. Suporía, segundo as nosas contas, uns noventa ou cen millóns ao ano. Hoxe estase gastando máis en políticas de incentivo ao emprego que en moitos casos son ineficaces.

**No caso das rendas de integración?**

Hai un problema de pobreza que se agravou coa crise. Hai miles de fogares en Galicia sen ingresos. Isto para nós é inaceptable. Na campaña das xerais, propuxemos un ingreso mínimo vital para cubrir as necesidades básicas. Pero desde Galicia pensamos que debemos reforzar substancialmente os recursos asignados e sobre todo, axilizar a concesión da RISGA, para evitar que persoas en risco de necesidade, non teñan que esperar moitos meses. Por outra banda, débese atender desde as arcas da Xunta de Galicia a familias sen recursos con fillos a cargo.

**Hai pouco saíron novos investimentos da Xunta para propaganda institucional. Os que máis levan son tres, mentres que os**

**medios públicos galegos parecen estar nunha situación de incerteza. Non é unha contradición?**

Non vexo incerteza no futuro da CRTVG. É certo que teñen unha restrición de financiamento desde hai anos, como tamén teñen outros medios autonómicos. Pero non vexo incerteza no seu futuro. É necesario acometer con decisión a renovación tecnolóxica que os conecte para poder facer mellor o seu traballo. Tamén é necesario renovar contidos e garantir o pluralismo. Sobre os medios privados, pois se só fose un millón e medio de euros en publicidade institucional, pois esa cifra queda por debaixo do gasto real. Hai que introducir dous criterios. Un de utilidade, porque hai campañas necesarias para difundir determinadas actuacións. Pero cando un ve no mes de decembro publinotaxes de actuacións das distintas consellerías en medios privados galegos, indica que hai un gasto ao chou. Isto ten a ver con gastar un orzamento antes de pechar un exercicio. Todas as axudas públicas deben estar baixo os criterios de obxectividade, publicidade e transparencia.

**Sobre as declaracións de Abel Caballero nas que manifestaba que vostede tivo a lexitimidade dunhas primarias para falar sobre o PSOE, pero esa lexitimidade logo das eleccións do 25 foille retirada pola cidadanía.**

Non son responsable das palabras de Caballero. Xa dixen algunha vez que teño a sensación de ter sido elixido non para pelexar con Caballero senón con Feijoo. Iso é o que vou facer.




**ASER GALICIA**

**CENTRO DE NEGOCIOS**

**ASESORÍA DE EMPRESAS**

**Xestión e asesoramento**  
no ámbito xurídico, contable, fiscal, laboral e económico

**Formación bonificada**  
para empresas. Certificado de Profesionalidade. Centro homologado pola Xunta de Galicia.

**Centro de negocios**  
en Ponteareas e Salvaterra con despachos totalmente equipados, sala de xuntas con proxección, recepción telefónica, recepción de mensaxería, conexión a internet e amplo equipamento informático.

**Externalización de servizos laborais**  
e solucións administrativas e de secretaría.

**Axente de AXA**  
Asesoramento e contratación de seguros.

**asesoria@asergalicia.com 986 640 015**  
**Rúa Redondela, 11 . Ponteareas**

**salvaterra@asergalicia.com 986 664 292**  
**Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño**

## O Concello aposta por un novo modelo que desestacionalice e desconcentre o turismo

Os concelleiros de Turismo e Espazos Cidadáns, Marta Lois e Jorge Duarte, participaron como ponentes do VII Encontro de Xestores do Patrimonio Mundial que reúne en Santiago a profesionais do turismo e o patrimonio.

Na súa intervención, os concelleiros analizaron os datos turísticos de Compostela que o ano pasado acadou cifras récord en canto ao número de visitantes e pernoctas "cun crecemento do 34% en relación ao ano 2006". Ademais, Marta Lois puxo o foco no número de turistas que chegan á nosa cidade e dos cales un 30% son visitantes verdes, é dicir, que chegan á cidade á pé. "Por iso", subliñou, "é importante que sexamos quen de levalos a coñecer as zonas verdes de Compostela".

A concelleira expuxo tamén as principais problemáticas que afectan, dende hai moitos anos, ao turismo en Santiago. "Son problemáticas", engadiu "vinculadas entre si e moi relacionadas co patrimonio". Trátase da baixa estadia media na cidade, a estacionalidade da demanda e a concentración e conxestión turística.

Gobernanza do turismo

Jorge Duarte e Marta Lois presentaron os retos e obxectivos que o goberno se marca na xestión do turismo nunha cidade patrimonio como Santiago a medio prazo. "Queremos definir un novo modelo de gobernanza do turismo integrado na estratexia do modelo de cidade, que parta da corresponsabilidade



Os concelleiros Marta Lois e Jorge Duarte durante a ponencia

entre distintos sectores da cidade".

Outro dos retos marcados pasa por reducir a presión sobre o monumento, as prazas e rúas do casco histórico para evitar que se convirta nun "parque temático". Neste sentido Jorge Duarte lembrou "a decisión que tomamos como goberno de establecer unha moratoria no casco histórico que ten como obxectivo fixar poboación na zona vella de Compostela". Un reto "complexo" que pasa por "potenciar o alugueiro de longa duración no casco histórico que a día de hoxe se centra fundamentalmente en usos turísticos".

Posta en valor de toda a cidade

O novo modelo turístico aposta pola descentralización e desconxestión das zonas máis saturadas. Para iso é preciso poñer en valor o conxunto patrimonial de Santiago, a oferta cul-

tural e a Compostela Verde, unha cuestión que xa foi debatida no Consello Municipal de Turismo.

Jorge Duarte recuperou o lema da campaña organizada polo Concello para conmemorar os 30 anos da declaración de Santiago como Cidade Patrimonio da Humanidade. "Os corazóns de Compostela", salientou, "vennos a dicir que unha cidade non é excepcional só polo construído senón tamén pola súa xente e a súa paisaxe". Así, o Concello quere poñer en valor aqueles elementos patrimoniais que son descoñecidos incluso para a veciñanza.

Finalmente a concelleira de Turismo fixo fincapé na necesidade de avaliar o impacto que os apartamentos turísticos están a ter en Santiago, baseándose no novo decreto autonómico que permite que afloren e saian da situación de alegalidade na que se atopaban.

## O alcalde confía en que o pleno aprobe a municipalización da ORA

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, afirmou que a intención do goberno local é que a decisión definitiva sobre a municipalización da ORA e o guindastre se adopte no pleno ordinario do mes de abril, que previsiblemente se celebre o día 27 para evitar a súa coincidencia coa Semana Santa.

O alcalde confía en que ao longo do próximo mes estean finalizados os novos informes económicos que se solicitaron despois da comisión técnica celebrada onte, e que "permitirán comparar distintos modelos de municipalización, aínda que saibamos xa que o único viable é que sexa Tussa quen preste o servizo".

Martiño Noriega explicou que a comisión celebrada onte acordou "non solicitar novos informes sobre a cuestión do persoal, porque todos somos conscientes de que nunca haberá desempate". Nese sentido, o rexedor lembrou que existen informes contraditorios sobre as posibilidades que deixa a taxa

de reposición para que os concellos recuperen servizos, e defendeu "que, aínda que o debate xurídico está aí, o que toca é tomar decisións políticas que nunca van ser pacíficas".

O proceso para a municipalización da ORA e do guindastre comezou despois de que unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulara a concesión do servizo á empresa Setex Aparqui, porque incumpria o prego de condicións do concurso no que resultara adjudicataria. A partir de aí, acordouse a modificación do obxecto social de Tussa, para que puidera asumir a xestión da ORA e o guindastre, e o Consello de Administración da empresa municipal informou posteriormente da súa viabilidade económica e xurídica.

Finalmente, o pleno da corporación acordou en decembro crear unha comisión técnica e iniciar o procedemento de asunción directa da xestión do servizo da ORA e o guindastre a través de Tussa.

## Aprobado o proxecto modificado das obras de mellora de Vista Alegre

A Xunta de Goberno aprobou hoxe, nunha sesión extraordinaria, o proxecto modificado de mellora da mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre, Fase II.

Este trámite viuse demorado pola problemática xurdida na zona da rúa de San Xoán, onde non constaba autorización dos propietarios para demoler as terrazas dos seus edificios.

A modificación do proxecto da Fase II de Vista Alegre deriva da afección ás redes de infraestruturas polo rebaixado da rasante previsto na Fase III das obras, que non estaba inicialmente contemplado pero que foi incluído no proxecto para responder ás demandas da veciñanza e dos comerciantes da zona.

Ademais, inclúese unha nova

solución estrutural para o túnel da rúa Noia, tras comprobarse o mal estado das armaduras da estrutura preexistente de piares e vigas.

Por último, contéplase o mantemento das terrazas perimetrais das edificacións da zona de San Xoán, por cuestións estruturais que desaconsellan a súa demolición. Pola contra, serán derruídas as terrazas do túnel, coas necesarias precaucións estruturais e adoptando as medidas necesarias para evitar riscos de filtracións.

Estas modificacións non supoñen unha alteración do prazo de execución das obras, que segue sendo de tres meses. O incremento sobre o orzamento de execución orixinal, IVE engadido, é de 78.503,41 euros.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO  
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Redacción A CORUÑA

## O alcalde propón novos usos para os peiraos da cidade

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, ofreceu unha conferencia no marco dos almozos informativos organizados por Fórum Europa. Celebrado no Hotel Finisterre e presentado polo presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, o rexedor incidiu na importancia de construír un modelo de cidade, unha Coruña Próxima, baseado "na interpretación das potencias do espazo e o tempo no que a xente que nos rodea quere vivir, e ter o valor de escoller e de decidir".

Así, o primeiro edil, insistiu na importancia de artellar un "pacto de cidade, pola cidade" tanto cos grupos na oposición como coa propia veciñanza no que, nun primeiro termo, existen tres grandes desafíos: o cambio de modelo de mobilidade, a construción da Área Metropolitana e o novo horizonte litoral, o futuro da fachada atlántica. No que atinxe a este último eixe fundamental para o futuro da cidade, Ferreiro reafirmouse na necesidade de revisar os convenios firmados entre Concello e Goberno central en 2004 sobre os terreos portuarios.

Avanzou a posibilidade de que os peiraos interiores sexan "unha prolongación da cidade dedicada ao equipamento dotacional público" no que se inclúa un Museo do Mar e da Emigración e zonas públicas e espazos verdes, mentres que o peirao de San Diego poida albergar un Distrito do Mar, "entorno orientado á innovación e a economía azul, centrado en sectores es-

tratéxicos como a pesca".

### Calvo Sotelo e Bateria

Ferreiro manifestou a respecto da nova proposta de usos para os terreos do bordo litoral que os peiraos de Calvo Sotelo e de Bateria poidan converterse "nunha prolongación da cidade dedicada ao equipamento dotacional público, ao espazo libre público e ás zonas verdes públicas". "Unha nova alameda sobre a auga encabezada por un equipamento singular", dixo Ferreiro, que adiantou que "se unha cidade merece e ten capacidade para contar cun Museo do Mar e a Emigración, un gran centro sobre a cultura marítima en todas as súas manifestacións, da ciencia á memoria, é a cidade da Coruña".

### Peirao de San Diego

No que atinxe ao peirao de San Diego, Ferreiro avanzou que "fronte ao desmantelamento do pulmón económico da Coruña para convertelo nunha urbanización con miles de vivendas de até 10 alturas, en San Diego temos unha oportunidade para relanzar a economía da Coruña e abrir novas oportunidades para o emprego coa creación dun Distrito do Mar dedicado á economía azul". "A creación de distritos de innovación, de maneira sostible, é unha das estratexias que mellor funcionan á hora de impulsar á innovación e a creación de proxectos de impacto", indicou. "A Coruña reúne todas as condicións para impulsar un ecosistema de innovación arredor do mar, un Distrito do Mar. Ten tradición, un importante sector económico, centros tecno-

lógicos, axentes empresariais con capacidade, centros universitarios e un espazo de oportunidade a carón da costa, próximo á cidade e dotado de infraestruturas", comentou Ferreiro.. "Este Distrito do Mar debe estar conectado coa cidade e coa cidadanía. A lonxa e o porto pesqueiro deben ter non só un oco, senón un futuro mellor neste ecosistema. A lonxa da Coruña pode converterse nun mercado estratéxico, e o sector pesqueiro en xeral, beneficiarse da súa ubicación, apuntou.

### Compromiso entre administracións

Para desenvolver estes proxectos, Ferreiro plantexou durante a intervención a necesidade dun compromiso entre as administracións implicadas. "Sen elas, dificilmente haberá espazos libres arredor dun Museo do Mar e a Emigración, e tampouco será posible impulsar un Distrito do Mar exitoso sen a aposta dos axentes económicos", sinalou, e, neste sentido, reafirmouse na proposta do Goberno local para a creación dun consorcio público "que implique a distintas administracións e reúna unha capacidade de investimento suficiente para impulsar un novo proxecto para o bordo litoral, que asegure a titularidade pública dos terreos portuarios e a iniciativa pública na súa transformación, para impulsar un novo proxecto que substitúa o mercado polos convenios de 2004". A este respecto, remitiuse á proposta trasladada en xaneiro polo Concello ao presi-



dente da Autoridade Portuaria e o de Portos del Estado (como representación do Ministerio de Fomento), e que tamén foi transmitida ao presidente da Xunta e da Deputación coruñesa, e emprazou a todas estas administracións, xunto co ADIF, como titular da infraestrutura ferroviaria do peirao de San Diego, a "sentar á mesa e comezar o diálogo".

### Foro de debate e consulta

Durante a intervención, Ferreiro tamén puxo de relevo o papel que debe ter a cidade neste proceso, "un dos tres grandes desafíos que temos por diante -xunto co cambio de modelo de mobilidade e a construción da Área Metropolitana-, que esixen a implicación de todos e de todas, dun pacto de cidade e pola cidade-. "Impulsar este novo horizonte litoral require dun debate amplo e dunha participación global a partir dunhas premisas básicas: cero especulación, titularidade e xestión públicas, reconquista cidadá da beira litoral e relanzamento dos usos produtivos no porto, e que deberá necesariamente conducir a

ese gran pacto de cidade, que involucre a todos e a todas na toma de decisións e no exercicio de imaxinación que temos por diante, e onde as administracións e os axentes económicos aposten polo futuro da Coruña", salientou.

A este respecto, o rexedor referiuse aos movementos que desde a veciñanza "empezan a pedir espazos de debate e a facerse escoitar". "A cidade quere decidir que modelo económico quere, que papel ocupa o porto nese modelo económico, a que dedicamos o noso bordo litoral, e o que nos toca facer dende o Goberno municipal é acompañar esa demanda, facilitar un debate o máis amplo, transversal e rico posible, alimentar esa conversa pública con prospeccións rigorosas sobre a viabilidade dos distintos proxectos e, en última instancia, preguntar", manifestou, anunciando que o Goberno local porá en marcha nas próximas semanas un "foro aberto", previo á formulación da consulta á cidadanía cuxa tramitación iniciou a administración local hai varias semanas.

## Recepción ao presidente de Cabo Verde

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, recibiu no Pazo de María Pita, ao presidente da República de Cabo Verde, Jorge Carlos Almeida de Fonseca, nun acto no que estivo acompañado por concelleiros e concelleiras do grupo de Goberno, así como por membros da Corporación local. Na recepción tamén estiveron presentes o embaixador de Cabo Verde en España, Mario Ferreira López Camoes, e o cónsul de Cabo Verde en Galicia, Francisco Canabal. O rexedor destacou os "vínculos comúns"

entre A Coruña e Cabo Verde, "territorios marcados ambos polo mar", motivo polo que amosou a disposición do Goberno local e do Concello da Coruña "a colaborar en iniciativas neste eido". "O mar, para A Coruña e para Cabo Verde definiu para sempre a idiosincrasia das súas xentes así como a súa forma de ser. As ondas imprimiron o noso carácter de forma similar. En ambos territorios o mar é fonte de vida, de traballo e de ocio. É xerador económico, xa sexa a través da pesca ou do turismo. Neste

punto, só pode manifestarlle que este Concello e este Goberno estará sempre aberto ao diálogo, así como a afondar en liñas de colaboración nesta materia", apuntou.

Por outro lado, o primeiro edil recordou a colaboración histórica da cidade da Coruña con Cabo Verde a través de entidades como o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade centrada na defensa e promoción dos dereitos humanos e na erradicación das desigualdades e da que o Concello é membro, formando parte da súa executiva. "O Fondo Galego foi, de feito, a primeira entidade galega en establecer relacións institucionais con Cabo Verde xa no ano 2002. Ao longo destes 15 anos ten apoiado máis



O Alcalde co Presidente da República de Cabo Verde

de 30 proxectos para o fortalecemento das cámaras de comercio de Cabo Verde", salientou. "Tamén a través da Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos o Fondo colabora en 10 proxectos de cooperación en di-

versas zonas", engadiu.

O presidente da República de Cabo Verde firmou no Libro de Ouro da cidade e recibiu ademais, como regalo institucional, unha reprodución da Torre de Hércules en cerámica de Sargadelos.

## Galicia

Redacción A CORUÑA

### O Goberno local saca a licitación a instalación dos postos de venda ambulante nas praias e xardíns de cara a tempada de verán

O período de ocupación dos 16 postos en espazo de uso público municipal será desde o 13 de abril até o 30 de setembro

A Concellería de Mobilidade Sostible publicará nas próximas datas a convocatoria para autorizar a instalación de postos de venda ambulante en espazos de uso público municipal nas inmediacións das praias e nos parques da cidade de cara a tempada de verán. A oferta, que se publicará no Perfil do Contratante, abre a posibilidade de optar aos 16 postos de venda de xeados, froitas ou refrescos que poderán ocupar as localizacións determinadas pola área que dirixe Daniel Díaz Grandío desde o xoves 13 de abril até o 30 de setembro. As instalacións móbiles, que estarán abertas ao público en horario de 11.00 ata as 20.00 horas, poderán ofrecer xeados e froitas envasadas, no caso daqueles que se atopen situados no Paseo Marítimo, mentres que os que se sitúen outras zonas da cidade, como parques e xardíns, terán a opción de vender refrescos e lambetadas.

En total, serán seis postos os que se sitúen nas inmediacións das Praias e no paseo Marítimo, sendo estes á altura da estrada da circunvalación --frente ao cárcere--, nas proximidades á entrada do Aquarium Finisterrae, fronte á praza das Lagoas, na Fonte dos Surfistas, na coraza da Enseada do Orzán e ao carón da rotonda das Escravas. A venda poderá exercerse en carriños con rodas pero sen motor, e as dimensións máximas do caixón serán de 2x1,5x1,5 metros, sen incluír estas a bicicleta --que pode ser eléctrica-- ou soporte correspondente. Admitíranse, neste caso, elementos auxiliares como toldos ou antucas integradas na estrutura do caixón.

A convocatoria tamén se refire á instalación de catro postos de venda de xeados en vehículos motorizados --vehículos tenda, camiños ou remol-



ques--, que se situarán na zona de estacionamento situadas ao carón das seguintes localizacións: Pavillón de Deportes de Riazor, Aquarium Finisterrae, Torre de Hércules e Praia de San Amaro.

Finalmente, a venda de xeados, refrescos e lambetadas poderá facerse en seis postos que se localizarán nos parques de Santa Margarita, Vioño, Europa, San Diego, Oza e Monte de San Pedro. As instalacións móbiles que se sitúen nestas zonas verdes poderán ser tanto carriños sen motor como camiños, remolques ou vehículos tenda. En todos os casos, sen distinción da súa localización --inmediacións das praias ou xardíns-- deberán retirarse da vía pública ao finalizar a xornada, a partir das 20.00 horas.

Entre os requirimentos que deberán cumprir as estruturas estarán os hixiénico-sanitarios, referidos á limpeza e conservación do produto, así como os coidados da contorna, dispoñendo a adxudicataria dos medios necesarios para minimizar a xeración de residuos e evitar o deterioro da vexetación. Os criterios de valoración terán presente a oferta económica, e o prezo de saída mínimo para a instalación será de 250 euros. Cada persoa solicitante só poder presentar unha proposición para cada posto segundo a súa situación, de forma que, unha vez se resolva a convocatoria, só estará autorizado un único punto de venda por solicitante e localización.

### O Concello celebra o Día da Árbore iniciando un plan para plantar 1.500 exemplares máis en dous anos

A concelleira de Medio Ambiente, María García, celebrou o Día da Árbore co inicio do plan de expansión de arborado na cidade, que nesta primeira fase consiste na plantación en catro barrios de 65 árbores, co fin de aumentar a ratio de zonas verdes que existen no municipio. Ademais, estas plantacións teñen tamén unha vertente didáctica, xa que se realizan coa colaboración de nenos e nenas de centros educativos da cidade. En concreto, nesta xornada de plantación, no que se colocaron novos exemplares de dúas especies (ciroleiras e freixos) no Barrio das Flores, a edil estivo acompañada de alumnado do CEIP María Pita. "O Barrio das Flores é unha zona que xa conta con moito verde, pero sobre todo no seu núcleo; o que queremos é seguir expandindo a presenza de árbores noutras zonas máis periféricas", comentou.



"A plantación desta xornada é un pistoletazo de saída para todos, xa que iniciamos un proceso que vai culminar coa plantación en dous anos de 1.500 árbores na cidade, xa que o noso obxectivo é incrementar o arborado existente nun 10% entendendo que trae unha serie de importantes beneficios para toda a cidadanía, dende purificar o aire até facer pantalla contra o ruído, ademais dos temas estéticos, de acubillo para espe-

cies de flora e fauna", enumerou García, que destacou que "as árbores revitalizan os barrios". "En canto se aproben definitivamente os Orzamentos temos distintas partidas para destinar a todo o proceso de plantación. Calculamos que neste ano estamos en disposición de poder investir máis de 200.000 euros", engadiu a concelleira. As próximas plantacións inmediatas terán lugar en Monte Alto, Novo Mesoio, e Eirís.

Redacción LUGO

### Sober recupera o menhir Marco da Pedra Longa

O Goberno local do Concello de Sober procederá á recuperación do menhir "Marco da Pedra Longa" para que sexa exposto no Centro de Recepción de Visitante do municipio nas vindeiras semanas. A directora xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, vén de autorizar o cambio de depósito da peza arqueolóxica, ubicada dende o ano 2002 no patio do Museo provincial de Lugo, a favor do Concello soberino. Para esta concesión, dende Patrimonio tívose en conta "a proximidade co lugar do achado" así como "as circunstancias que fan posible na súa nova ubicación, a súa adecuada conservación e a mellor función cultural e científica". Ademais poñen en valor que o Centro de Recepción de Visitantes "é un edificio de recente construción, aberto ao público con persoal de atención aos visitantes e orientación para as visitas turísticas".

O menhir foi atopado polo arqueólogo Iván Álvarez Merayo durante as tarefas de control arqueolóxico das obras de mellora da vía férrea entre Monforte de Lemos e Canabal. Atopábase caído contra unha pequena canle de regadío no



Menhir en Sober

lugar da Veiga, parroquia de Canabal, en Sober. O menhir está realizado sobre unha pedra granítica alongada de sección xeral cuadrangular sen arestas. Mide 176 centímetros de longo e ten un diámetro de entre 110 centímetros na parte superior e 180 centímetros no corpo. Ao parecer, xa nos documentos antigos se sinalaba esta pedra como o límite entre as propiedades da Casa dos Andrade e a Casa de Tor ou da Bastida. Ademais, e segundo a súa morfoloxía, os expertos aseguran que se trataría dun menhir do Neolítico.

## A Escola Politécnica Superior do Campus Terra a prol da igualdade



Conmemoración en Lugo do Día Internacional das Mulleres.

**N**a Casa do Saber de Lugo celebrouse o Día da Internacional das Mulleres. Nesta cerimonia se fixo un recoñecemento á Escola Politécnica Superior do Campus Terra pola súa traxectoria a prol da igualdade de oportunidades da USC e, en particular, pola iniciativa da convocatoria do concurso de traballos de final de grao con temática relacionada coa muller, a enxeñaría e o medio rural.

Unha intervención teatral a cargo de María Peinó e Teresa Fraga, dúas actrices da compañía de teatro USC-Lugo, que interpretaron un fragmento da peza 'Km526' no que falan Julia Capdevielle e María Zambrano, serviu de apertura do acto central co que a USC conmemorou este ano o Día Internacional das Mulleres e no que congregou preto de medio centenar de persoas.

A lectura, a cargo da coordinadora da Oficina de Igualdade de Xénero da USC, Eva Aguayo, dun manifesto acordado polas universidades españolas e no que se reivindica o cometido desenvolvido polas universidades a prol da igualdade efectiva entre homes e mulleres na sociedade, ademais de demandar a recuperación de liñas de financiamento para afondar nos estudos de xénero e sobre a muller, abriu a quenda de intervencións deste acto. A deputada provincial Pilar García Porto e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, salientaron tamén nesta sesión tanto o seu compromiso persoal coa realidade feminina como as distintas iniciativas promovidas polas súas respectivas administracións a favor de avanzar na igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Agradecida polo recoñecemento da USC ao certame de traballos de final de grao sobre muller, enxeñaría e medio rural convocado pola Escola Politécnica Superior do Campus Terra da USC, a profesora do Departamento de Enxeñaría

Agroforestal María Dolores Fernández Rodríguez, sinalou que un dos obxectivos deste iniciativa é o de facer visible tanto a presenza como o traballo que desenvolven as mulleres nos eidos da enxeñaría, a fin de achegar estas titulacións universitarias á poboación feminina.

Fernández Rodríguez sinalou neste senso que se ben as alumnas matriculadas nos distintos títulos de grao en enxeñaría que se imparten na EPS representan o 39% do total do estudante, estas estatísticas distan aínda moito da porcentaxe de mulleres que estudan outras titulacións nas universidades españolas e cuxa media se sitúa por riba do 50%, dixo, para logo engadir que "fronte a esta realidade, as estatísticas de proxección científica nas universidades e tamén de perspectivas laborais revelan que as mulleres avantan á poboación masculina".

A vicerreitora de Servizos Universitarios do campus de Lugo, Carme Silva Domínguez, afondou na súa intervención de clausura na necesidade de rachar cos tradicionais paradigmas patriarcais que asocian as enxeñarías con actividades propias do xénero masculino, ao tempo que salientou a pertinencia deste tipo de celebracións institucionais para continuar a avanzar na superación das fendas de xénero aínda persistentes na sociedade actual.

O Espazo de Danza da USC pechou o acto central coa posta en escena dun avance da peza 'Pulsos', unha coreografía de Rosa Acuña interpretada por Vicente Ávila, Sara Domingo, Sonia L. Pumarega e Álvaro Rodríguez. A celebración desta efeméride congregou unha ampla representación académica do Campus Terra da USC, coa presenza de todo o equipo directivo da Escola Politécnica Superior, ademais de parte do profesorado do centro, así como a integrante do Consello Social da USC Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

## Queren converter os Consorcios de Bombeiros en servizo público

**O** deputado de Turismo de Lugo, Eduardo Vidal Baamonde, a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín Rei, e o deputado de Economía de Pontevedra, Carlos López Font, acompañados de técnicos das tres administracións, entregaron a representantes da Mesa Intersindical de Bombeiros de Galicia o informe xurídico sobre o novo modelo de xestión dos consorcios provinciais de bombeiros. Foi elaborado por as tres Deputacións que defenden a xestión pública no conxunto das instalacións que prestan o servizo antiincendios.

Os representantes da Mesa Intersindical apoiaron dita proposta de conseguir

que a xestión dos parques de bombeiros provinciais pase a ser de carácter público. Neste senso, representantes dos bombeiros recoñeceron a labor das administracións por mellorar o servizo que se presta, así como as condicións laborais dos profesionais dos parques galegos.

O informe xurídico do novo modelo de xestión dos Consorcios provinciais de Bombeiros, elaborado polas Deputacións de Lugo, A Coruña e Pontevedra, é unha análise en profundidade da situación de cada un dos parques de cada un dos órganos; así como das posibilidades e alternativas para conseguir cambiar o modelo cara un servizo público.



Mesa Intersindical de Bombeiros de Galicia.

## O centro de día de Chantada foi remodelado

**O** delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, puxo de relevo que actualízase como a remodelación do centro de día de Chantada, exemplifican a utilidade social das axudas Leader que xestionan os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR). Balseiro destacou a importancia de dotar ao medio rural galego con servizos que cubran as demandas de diferentes entidades e colectivos, un obxectivo para o que é tamén posible contar co apoio dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) como é o caso do da zona Miño-Ulloa, que apoiou este proxecto. En concreto as obras executadas contaron cunha axuda de 233.440,15 euros, dun investimento total de 303.169,01 euros. Este centro fíxose a partires da remodelación e acondicionamento dunha antiga escola infantil, e a axuda serviu tamén para subvencionar a adquisición de todo o novo equipamento necesario.



O delegado da Xunta visitou as instalacións

Ata a apertura destas instalacións Chantada contaba cun centro de día que tiña unha capacidade limitada a 25 usuarios pasando na actualidade a ofertar prazas a 49 usuarios. A maiores a actuación realizada permitiu poñer en valor bens municipais en desuso, co que se rebaixou de xeito importante a carga dos alugueres e se aforraron custes de investimento acometéndose a rehabilitación dunha infraestrutura pública en vez de recorrer á nova construción.

## Máis de 35 colectivos da Mariña participaron na Mesa de Turismo



Encontro de participantes da Mesa de Turismo na Deputación de Lugo.

O deputado de Turismo, Eduardo Vidal Baamonde, participou en Burela, xunto cos representantes de 35 colectivos da Mariña, na mesa de traballo sobre o sector turístico, organizada polo Goberno provincial no marco da preparación do seu Plan Estratéxico de Turismo. Vidal Baamonde cualificou a sesión de “moi participativa” e destacou a gran acollida que recibiu o encontro, no que interviñeron

alcaldes ou representantes de todos os concellos desta comarca, profesionais dos museos, das oficinas de turismo, dos clubs náuticos e das asociacións culturais e de empresarios.

Os participantes tiveron a oportunidade de dar a coñecer as súas propostas a través da aplicación de tres dinámicas de grupo, unha centrada no conxunto da provincia e outras dúas dedicadas ao xeodestino Mariña

Lucense. Entre os temas abordados, destacaron a necesidade de conseguir a colaboración conxunta das institucións públicas e privadas para impulsar o sector turístico e o grande potencial da Mariña Lucense, do que remarcaron recursos concretos como a Praia das Catedrais, a catedral de Mondoñedo ou os produtos gastronómicos.

Logo da celebración desta mesa de traballo en Burela, o

seguinte encontro foi en Vilalba, coa colaboración doutros vinte colectivos e de todos os concellos incluídos no xeodestino da Terra Chá. As mesas de traballo completouse cos encontros de Lugo, Pedrafita do Cebreiro e Monforte de Lemos. Estas iniciativas forman parte da preparación do Plan Estratéxico de Turismo da Deputación, un plan elaborado con metodoloxías participativas, que inclúe a celebración de cinco mesas de traballo coa participación de duasetas entidades de toda a provincia. Ademais, contempla a realización de vinte entrevistas en profundidade con expertos e a distribución de enquisas en liña a coarenta colectivos do sector turístico. O obxectivo de todas estas accións é recadar datos e propostas para incorporar ao plan.

O Plan Estratéxico, que está previsto que se presente en xuño, establecerá as liñas e as actuacións prioritarias en materia turística ata o 2020. O Executivo destinará un orzamento, nesta anualidade, de 400.000 euros para executar as primeiras accións. A maiores, na proposta de orzamento presentada polo presidente inclúense outras partidas, sumando 1 millón de euros para o impulso do turismo na provincia.

### En Lugo

O presidente da Deputación,

Darío Campos Conde, xunto ao deputado de Turismo, Eduardo Vidal Baamonde, e a concelleira de Cultura de Lugo, Carmen Basadre Vázquez, mantiveron en San Marcos un encontro cos máis de 40 participantes na Mesa de Turismo para debater sobre as oportunidades e ameazas do sector na provincia lucense.

Campos Conde agradeceu a participación que están rexistrando as diferentes mesas organizadas nos xeodestinos, “xa que estas reunións son interesantes para poñer enriba da mesa a problemática do sector”. Salientou o impulso do turismo como unha das grandes apostas do seu goberno: “cando entrei aquí hai ano e medio considerei que un dos sectores que había que estimular e poñer en valor era o turístico. E entón, xurdiu a idea de elaborar un Plan Estratéxico de Turismo, no que actualmente estamos traballando”. O presidente sinalou as grandes potencialidades da provincia: “en Lugo temos de todo, mar, natureza e montaña; o problema é que as pernoctacións son moi baixas e para cambiar isto todos temos que poñer o noso gran de area”, continuou. E emprazou a que “o sector privado e as administracións públicas camiñen na mesma dirección para converter Lugo nun referente turístico”.

## A cantante e violonchelista Rosa Cedrón será pregoeira da Feira do Viño de Amandi

A cantante e violonchelista Rosa Cedrón será pregoeira da Feira do Viño de Amandi

O Goberno local do Concello de Sober vén de facer público o nome da persoa que se encargará de pronunciar o pregón inaugural da XXXVII Feira do Viño de Amandi, que este ano se celebrará os días 8 e 9 de abril. Así, a cantante e intérprete de violonchelo Rosa Cedrón será a pregoeira deste ano, sucedendo no posto á presentadora Silvia Jato.

O alcalde, Luís Fernández Guitián, agradece “a implicación e boa disposición por colaborar coa nosa Feira desta recoñecida violonchelista de orixe monfortina, que está moi vinculada ás costumes da nosa comarca por ter nacido aquí”. O rexedor considera a Cedrón como “unha das embaixadoras musicais da Ribeira Sacra” por ser unha persoa que

foi levando a súa arte e as súas raíces por toda España e internacionalmente en cidades tan importantes como Nova York, Toulouse e Bos Aires.

Guitián amosouse moi orgulloso de que unha persoa tan coñecida e recoñecida como Cedrón, “que foi a voz durante nove anos dun grupo tan relevante como Luar na Lubre e colaborou con Mike Oldfield, un dos mellores músicos de todos os tempos”, sexa a pregoeira da XXXVII edición da Feira do Viño de Amandi. O alcalde resaltou a gran calidade como persoa e como artista de Cedrón “que se converteu por méritos propios



Rosa Cedrón ofrecerá un concertó en Sober.

nunha nova artista para ter en conta no eido do folk e da world music a nivel mundial”. Amais do pregón do domingo, Rosa Cedrón ofrecerá o sábado na Praza do Concello o concerto estrela da XXXVII Feira do Viño de Amandi ás 22:30 horas.

## Promoción do Porto Seco de Monforte

A deputada do Grupo Popular Julia Rodríguez Barreira vén de rexistrar unha proposición non de lei no Parlamento de Galicia a través da que solicita que a Xunta de Galicia impulse iniciativas que permitan a promoción do Porto Seco de Monforte e a súa conversión nun centro preferente do movemento de mercadorías por ferrocarril e plataforma loxística, dentro do Plan de Optimización Loxística de Galicia.

A Xunta leva realizado un investimento próximo aos 20 millóns de euros no desenvolvemento desta plataforma loxística e na execución da súa conexión coa estrada LU-933, que se puxo en funcionamento o pasado ano. Neste momento está en proceso de redacción o proxecto construtivo para

prolongar esta conexión ata a N-120, garantindo unha correcta accesibilidade para esta plataforma loxística.

“Temos que aproveitar o recollido na Xunta de Competitividade Industria 4.0 da Xunta para impulsalo como un factor territorial de competitividade”, sinalou Julia Rodríguez.

O Porto Seco de Monforte está proxectado para potenciar o transporte de mercadorías por tren aproveitando a súa localización na confluencia de eixos de transporte de Galicia, estando situado ademais dentro da rede básica de TENT-T europea de transporte ferroviario de mercadorías. Na actualidade, dispón dunha terminal de carga para trens de ate 750 metros e xa está finalizada a súa primeira fase de 146.000 metros cadrados de superficie.

## O PP de Monforte propón un concurso de ideas para ordenar o entorno da Praza da Compañía



Praza da Compañía na que está ubicado o colexio dos Escolapios.

O Grupo municipal do PP de Monforte presentará unha moción para o seu debate no próximo Pleno na que instan ao equipo de Goberno a convocar un concurso de ideas para ordenar as fronteiras e fachadas e os espazos públicos da Praza da Compañía.

Os populares explican que, como ben é sabido, se está a tramitar a redacción do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico (PEPCHA). Neste contexto, engaden, recentemente un grupo de veciños e veciñas do entorno da Praza da Compañía, constituídos en asociación, teñen trasladado ao equipo redactor e ao alcalde, así como ás portavoces do resto dos grupos da Corporación, unha proposta para a mellora do entorno da Praza da Compañía.

A voceira do PP, Julia Rodríguez, explica que “a importancia patrimonial e urbanística do entorno do Colexio de Nosa Señora da Antiga é indiscutible”, polo que desde o Grupo municipal Popular nos facemos eco do interese amosado polos veciños e queremos recoñecer o traballo efectuado, así como o valor e interese da proposta que nos teñen trasladado.

“Tendo presente coma eles

que esta parte da cidade, polo seu carácter monumental precisa dun tratamento diferenciado, dentro do PEPCHA, e sen desmerecer a proposta dos veciños, consideramos que o máis axeitado sería convocar un concurso de ideas para ordenar as fachadas que dan fronte a esta praza tan destacada da nosa cidade na que se teñan en conta as propostas trasladadas por eles”, apunta a voceira do PP. Julia Rodríguez entende que esta iniciativa, perfectamente compatible coa tramitación do PEPCHA, non so permitiría acadar unha proposta de gran calidade técnica dende o punto de vista arquitectónico e urbanístico, senón que a concorrencia de profesionais cualificados e o interese mediático que suscitan este tipo de convocatorias, daría maior visibilidade ao lugar ademais de promocionar un elemento arquitectónicamente moi destacado da nosa cidade.

Os populares indican ademais que na recente reunión mantida co equipo redactor do PEPCHA se deu conta dun grado de protección tamén dos espazos públicos de interese dentro do conxunto histórico e a Praza da Compañía é un deses elementos destacados, dignos dunha especial atención.

## Os socialistas de Pantón en desacordo co alcalde de Monforte sobre a fusión de concellos

### O presidente da Deputación tampouco está a favor da integración municipal

Os socialistas de Pantón non están de acordo co alcalde de Monforte, José Tome, tamén do PSdeG-PSOE, ao pronunciarse en favor dunha futura fusión de concellos. Esta agrupación socialista sostén que, nun asunto tan delicado, Tome debería consultar aos órganos do partido antes de tomar posición públicamente. Manuel Dacosta, secretario do PSdeG en Pantón, e Pedro Rodríguez Palacio, portavoz municipal do partido, expresaron a súa “sorpresa” ante as declaracións realizadas polo alcalde monfortino en La Voz de Galicia.

Do mesmo xeito que os demais rexedores da comarca, Tome pronunciouse sobre un estudo que postula a integración como alternativa á crise demográfica. José Tome mostrouse favorable á fusión, cando se dean as “circunstancias necesarias”. Suxeriu o nome de Lemos para o novo concello que englobaría a toda a Terra de Lemos.

Os socialistas de Pantón deixan claro que se opoñen por completo a unha integración e reclaman a Tome máis seriedade á hora de pronunciarse sobre estas cuestións. Nun comunicado subscrito polo secretario local e o portavoz municipal, sinalan que este asunto “non foi formulado nos medios orgánicos do partido. Ninguén da comarca consultou á agrupación de Pantón, polo que queremos deixar claro que as opinións do alcalde de Monforte non representan a postura do partido”. O comunicado dos socialistas de Pantón deixa claro o seu rexeitamento á formulación da agrupación de municipios como alternativa ós problemas demográficos e socioeconómicos que sofre a comarca. “Estamos convencidos de que Pantón non saíra beneficiado en caso de fusión con Monforte nin con ningún outro concello. Creemos así mesmo que este asunto merece ser tratado con maior responsabilidade”, din os asinantes.

#### José Tomé

José Tome sostén que deu a súa opinión en calidade de alcalde sobre as conclusións do estudo da Universidade da Coruña, que advirte das dificultades que terán os pequenos municipios da comarca nun futuro non moi afastado para manter o seu nivel de prestacións se se mantén



José Tomé e Darío Campos non opinan o mesmo sobre a fusión de concellos.

o modelo actual. “Falei únicamente como alcalde e supoño que vos meus compañeiros na comarca fixeron ou mesmo. Penso que é evidente que en ningún caso expresáronse posicións de partido”, explica o rexedor monfortino en referencia ás críticas delos socialistas de Pantón. “Paréceme que fun claro cando dixen que unha proposta desas características non debe ir nunca en contra de ninguén. Non trátase de que desaparezan concellos, senón de sumar para que poidamos ser máis fortes do que somos agora”, engadiu Tome.

#### Darío Campos

Darío Campos, presidente da Deputación de Lugo, ve máis eficaz prestar servizos mancomunados. Campos tamén se pronunciou sobre os pros e os contras dunha hipotética fusión dos municipios de Terra de Lemos. Campos é partidario de avanzar na prestación de servizos mancomunados para optimizar o seu funcionamento. As integracións, pola contra, non lle parecen a solución para os pequenos municipios do sur da provincia. “Fusionar por fusionar, non. Non penso que se consiga un aforro significativo”, dixo.

#### O estudo

O estudo que suscitou o debate acerca da integración pon de relevo a alta dependencia financeira doutras administracións nos orzamentos dos municipios da comarca. A media de fondos de reciben da Xunta e o Estado é do 60%, nun contexto no que non cabe esperar un incremento significativo da actividade económica. Unha fusión, sostén o informe, supoñería “maior forza á hora de atraer a novas empresas ou novas infraestruturas que permitan maior desenvolvemento”.

## Galicia

Redacción OURENSE

# Previsel 2017 fomentará espazos saudables de traballo

O 12º Saló da Prevención e Seguridade Laboral celebrarase en Expourense o 10 e 11 de maio

**P**revisel, Saló da Prevención e Seguridade Laboral prepara a súa duodécima edición que terá lugar en Expourense os días 10 e 11 de maio consolidado xa como unha cita imprescindible para todos os axentes sociais involucrados na prevención. Celebrouse xa a primeira reunión do comité asesor no que participan os principais axentes, públicos e privados, implicados na prevención. Neste comité apuntáronse os temas que se abordarán a través do amplo programa de actividades co que sempre conta este salón.

Entre as actividades xa definidas destacan as organizadas polos distintos colexios profesionais implicados na edificación (arquitectos, enxeñeiros, apareladores) que abordarán dúas temáticas. A primeira delas versará sobre a seguridade e saúde laboral vinculada á calidade ambiental centrándose na prevención da concentración de gases nocivos para a saúde dos traballadores como poden ser o CO<sub>2</sub> ou o radón. Tamén tratarán a prevención de riscos laborais en obras menores nas que non existe plan de seguridade e que afecta,

por exemplo, ás obras afrontadas polas comunidades de veciños. A seguridade viaria será tratada pola Dirección Xeral de Tráfico e por FREMAP.

Previsel, cuxo principal valedor é a Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia da que forma parte o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, ISSGA, conta coa participación da Confederación Empresarial de Ourense, CEO, que están organizado varias actividades para o salón. É o mesmo caso da Consellería do Medio Rural que realizará actividades de prevención dirixidas ás brigadas antiincendios, tamén dos sindicatos e outros colectivos profesionais.

Previsel 2017 continuará co seu labor de sensibilización sobre a prevención aos futuros profesionais do mercado laboral convocando para iso a estudantes de Formación Profesional, e aproveitando a presenza de público novo no salón, impartiranse actividades de orientación laboral para estes colectivos- especialmente aqueles que actúan nas emerxencias. Así,



Primeira reunión en Expourense do comité asesor de Previsel.

outra entidade que terá unha participación activa na próxima edición de Previsel será a Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, TES-GALICIA, que convocará de novo no salón para asociados de todas as provincias galegas.

## Tabaquismo e obesidade

Un dos obxectivos de Previsel deste ano é sensibilizar á poboación xeral na prevención, tanto en materia de saúde como de accidentes. Así, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, divulgará os seus programas de prevención e detección precoz do cancro colorrectal. Ademais, volverán realizar medicións antropométricas para

prever o tabaquismo ou a obesidade. Outras entidades como os bombeiros centrarán as súas actividades na actuación en caso de incendio no fogar e estarán especialmente dirixidas á terceira idade.

A esta primeira reunión asistiron representantes do ISSGA, da Consellería de Sanidade, da CEO, da Deputación de Ourense, de FREMAP, de Protección Civil Ourense, de TESGALICIA e dos colexios profesionais de Arquitectos, Aparelladores, Enxeñeiros Técnicos Industriais e Agrícolas. A composición deste comité deixa patente que a prevención é un tema transversal e que afecta a todos os ámbitos da sociedade.

## O Plan de Vialidade Invernal mantense ata o 30 de abril

**S**egundo os últimos datos da Axencia Galega de Infraestruturas, departamento dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, as estradas autonómicas das catro provincias estiveron abertas ao comezo da primavera. Pero a Xunta chamou a extremar a precaución nas estradas ante a alerta laranxa por neve na comunidade. Na provincia de Lugo, na zona norte, levouse a cabo a retirada de neve e o espaxamento curativo de fundentes nas seguintes estradas, ao seu paso polo Concello da Fonsagrada: LU-530, LU-701, LU-703, LU-721, LU-730 e LU-740. Nestas vías, estiveron traballando oito equipos quitaneves e o consumo de fundentes foi de 28 toneladas de sal e 10.000 litros de salmoira. Na zona sur desta provincia, realizáronse traballos de retirada de neve e o espaxamento curativo de fundentes nas estradas Pedrafita- Palas de Rei (LU-633) e na que une Quiroga e Seoane do Courel (LU-651). Nestas infraestruturas viarias, mobilizáronse catro equipos quitaneves e o consumo de fundentes foi de vinte toneladas de sal e 5.000 litros de salmoira.

Na provincia de Ourense, recomenouse circular con precaución no Alto da Portela (OU-121), O Barco de Valdeorras-Prada (OU-121), entre os puntos quilo-



A Deputación de Lugo acondicionou estradas na montaña por acumulacións de neve.

métricos 17 e 26; na vía Sobradelo- Límite provincia de Zamora (OU-122), no treito entre os Pq. 19 e 24; no Alto do Casaio (OU-122); na estrada Ourense-Pobra de Trives (OU-536); e no Alto do Rodicio. O dispositivo de vialidade invernal da Xunta dispuxo dous equipos quitaneves e o consumo de fundentes foi de 6 toneladas de sal. O Goberno galego mantén activo o Plan de Vialidade Invernal que, dende o 1 de novembro de 2016 ata o 30 de abril de 2017, centra os seus recursos e traballos en garantir as condicións de seguridade viaria nos

aproximadamente 5.550 quilómetros de estradas de titularidade autonómica. Este plan implica a posta a disposición de diferentes medios en cada provincia que suman un total de 26 centros operativos, 27 acopios e 25 silos de fundentes, doce plantas de salmoira, 73 máquinas con 109 accesorios e 468 profesionais. A aplicación destes medios lévase a cabo a través dos servizos de infraestruturas de cada provincia, dos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernal e das concesionarias das vías de alta capacidade.

## Proceso de participación para a mellora da mobilidade

**O** Concello de Ourense inicia un proceso de participación plural, aberto a toda a cidadanía, co obxectivo de corresponsabilizar aos cidadáns na mellora da calidade ambiental, da mobilidade, da pacificación do tráfico e a integración da bici no casco urbano.

Para a dirección do proceso constituíuse unha comisión técnica formada por membros dos catro grupos políticos con representación no Concello, técnicos municipais e o equipo redactor.

Dito proceso será dirixido pola consultora de Urbanismo e Arquitectura Urba+, que no 30 de marzo realizou a primeira exposición ante a Mesa da Mobilidade para explicar en qué consiste o proceso e invitar a participar nel, xa que a implicación cidadá é necesaria para poder consensuar un novo modelo de mobilidade en Ourense.

Na exposición realizada descríbense as distintas fases, ferramentas e mecanismos do proceso a desenvolver, que consistirán en charlas formativas, obradoiros de traballo, enquisas e recollida de datos coas achegas de todos aqueles cidadáns implicados no proceso.

## Obras de melloras en Vilaza

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio rematará en abril as obras de mellora da praza e a rúa Requeixo en Vilaza, no Concello de Monterrei. Así o avanzou a conselleira Beatriz Mato durante a visita aos traballos, aos que se destinaron case 150.000 euros. Mato recordou que esta actuación execútase en base a un convenio de colaboración asinado pola Xunta e o Concello de Monterrei, e enmarcado no Plan hUrbe, co que se pretende humanizar, mellorar e recuperar as vilas galegas.

No caso de Monterrei, o obxectivo xeral da actuación era adecuar esta rúa e a praza para o paso de peóns, minimizando o risco que supón o tráfico que soporta. Ao longo destes meses acometéronse traballos para a instalación de beirarrúas en ambas marxes da rúa Albarellos e executarase unha pequena rotonda para a ordenación do tráfico na intersección. Tamén se procedeu á instalación de nova tubaxe para as rede de saneamento e abastecemento. Recordou que as actuacións comezaron na rúa Requeixo á altura da intersección coa rúa Igrexa, e levaranse a



Visita da conselleira a Vilaza

cabo na marxe dereita da mesma ata a intersección coa rúa Albarellos. Neste punto acometéronse as beirarrúas en ambas marxes, ata o comezo do muro de peche do Mosteiro dos Templarios (15 metros por cada marxe). Tamén se continuaron as beirarrúas na marxe dereita da estrada OU-1014, que a partires da intersección (en sentido suroeste – nordeste) pasa a denominarse rúa Touza.

Esta actuación contribúe á rexeneración dun espazo público de Monterrei e mellora a calidade de vida dos veciños, ao tempo que se da resposta a un cuádruplo obxectivo: mellorar a estética, garantir a seguridade peonil, coordinar o tráfico rodado e mellorar o saneamento.

## Obradoiro para desempregados do Ribeiro



Os alumnos recibiron os diplomas correspondentes.

Clausurouse en Beade un obradoiro de emprego que promoveu a Mancomunidade do Ribeiro. Os alumnos e alumnas terán a partir de agora máis oportunidades para atopar un emprego en xardinería e atención sociocomunitaria en institucións.

Os vinte alumnos que se formaron e traballaron neste obradoiro, dirixido por Francisco Conde, realizaron labores de atención a persoas dependentes no ámbito sociosanitario en institucións da comarca do Ribeiro e de xardinería en

zonas da Arnoia, Beade, Cenlle, Cortegada e Leiro. Entre outras actuacións, acondicionaron as áreas recreativas de A Queixeira, Outeiro de Cruz e da vila termal, en A Arnoia; recuperaron o roteiro termal de Laías, en Cenlle; melloraron o sendeiro do río Avia, ao seu paso polo municipio de Leiro; crearon unha área recreativa no núcleo urbano de Beade e acondicionaron as rotondas e a contorna da piscina municipal de Cortegada. A Consellería de Economía, Emprego e Industria fixo un investimento de 180.000 euros.

## Promotores de novos proxectos empresariais remataron a súa formación en Celanova

Celanova acolleu unha xornada de traballo na que se presentaron algúns dos dezanove novos proxectos empresariais que completaron o seu proceso de formación e asesoramento ao abeiro da primeira convocatoria do espazo coworking de Celanova, impulsado pola Xunta e a Escola de Organización Industrial (EOI) e que se desenvolveu desde o pasado mes de setembro.

O director do Igape, Juan Cividanes, salientou durante a súa intervención que os emprendedores que veñen de rematar o seu paso por esta aceleradora poderán seguir contando cos servizos e instrumentos de apoio que ofrece a Consellería de Economía, Emprego e Industria para facilitar a posta en marcha e a consolidación temperá de novas empresas.

Os emprendedores que desenvolveron os seus proxectos no espazo coworking de Celanova escolleron para os seus negocios ámbitos como as TIC, os servizos tecnolóxicos –mediante o uso de drones, por exemplo– ou educativos, o turismo, a

transformación de produtos agrícolas e gandeiros ou a organización de eventos. Os emprendedores seleccionados contaron con servizos de apoio personalizados para desenvolver as súas ideas de negocio e acelerar a posta en marcha das súas empresas. Ata o próximo 10 de abril está aberto o prazo para a presentación de solicitudes dos que desexen participar na segunda convocatoria.

No marco deste proxecto, que conta con financiamento do Fondo Social Europeo, os emprendedores da comarca de Celanova seguirán dispoñendo de diferentes servizos de formación, asesoramento e aceleración de proxectos, así como de instrumentos de apoio para poñelos en marcha habilitados a través do Igape e Xesgalicia. O obxectivo fundamental das iniciativas de coworking é acelerar o desenvolvemento de proxectos empresariais e a creación de emprego sobre o territorio, incrementando as probabilidades de éxito das ideas impulsadas polos emprendedores, e facilitando a



O director do Igape, Juan Cividanes, participou no Demoday onde se presentaron algúns dos proxectos empresariais.

súa posta en marcha e a súa consolidación temperá.

Hai espazos de emprendemento abertos tamén en Ferrol, Monforte, Mondoñedo, Cabana de Bergantiños, Santiago e Xinzo

de Limia. En cada unha destas sedes haberá outras tres edicións sucesivas que se desenvolverán durante 5 meses e que poderán acoller un máximo de 22 proxectos por cada sede e convocatoria.

## Galicia

Redacción OURENSE

## Turismo de Galicia mellora o albergue e centro de interpretación da castaña de Riós

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, a secretaria da Xunta en Ourense, Silvia Dorado e o xerente do Xacobeo, Rafael Sánchez, acompañados polo alcalde de Riós, Francisco Veiga, visitaron o albergue e Centro de Interpretación da Castaña de Riós. Este edificio foi renovado recentemente en parte das súas instalacións ao abeiro dun acordo entre Turismo de Galicia e este concello ourensán.

“Sen dúbida, trátase da adecuación dun espazo para uso turístico, que incrementará a oferta cultural e, polo tanto, o atractivo desta localidade como

destino e coa que queremos que, xunto coa Festa da Castaña e do Cogumelo, se continúe dando a coñecer este produto da gastronomía galega e atraendo turistas entorno a este recurso endógeno”, explicou a directora de Turismo de Galicia. Froito deste acordo realizáronse no albergue e Centro de Interpretación situado na Vía da Prata, obras de renovación e reparación da cuberta e da carpintería exterior.

Tamén se realizaron traballos de adecuación interior debido á detección de problemas de humidades e filtración de auga da choiva, unha obra total que



Nava Castro visitou o albergue e Centro de Interpretación da Castaña de Riós.

**Concello de OURENSE Cultura**

**programa infantil 2017**

**ABRIL**

**Auditorio Municipal de Ourense**

|                                                                       |                                                                                          |
|-----------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>14</b></p> <p><b>Comenoiros</b> 10-14</p> <p>3€ 4€</p>          | <p><b>16</b></p> <p><b>Emoticores</b> 10-14</p> <p>3€ 4€</p>                             |
| <p><b>18</b></p> <p><b>A Galiña Azul</b> 10-14</p> <p>GRATUITO</p>    | <p><b>23</b></p> <p><b>O traxe novo da Emperatriz</b> 10-14</p> <p>3€ 4€</p>             |
| <p><b>25</b></p> <p><b>Tíos do querer</b> 10-14</p> <p>3€ 4€</p>      | <p><b>30</b></p> <p><b>Don Quixote, unha comedia gastronómica</b> 10-14</p> <p>3€ 4€</p> |
| <p><b>31</b></p> <p><b>A banda das apertas</b> 10-14</p> <p>3€ 4€</p> | <p><b>PLANIFICA O TEU LÓXAR E BENEFICIATE DO BONO A PARTIR DE 10€</b></p>                |

**ENTRADAS**

www.ourense.es, no sitio web do Concello de Ourense, e a través do teléfono 988 210 210

**AUDITORIO DE OURENSE**

Rúa Com. 2  
988 210 210

contou cun investimento de preto de 60.000 euros.

### Producción de castaña

Como recordou Nava Castro esta infraestrutura é o resultado dunha eficaz rehabilitación da antiga casa reitoral desta parroquia de Trasestrada que dá a coñecer todo o referente á castaña, un recurso fundamental para a comarca. De feito, como engadiu, a produción da castaña neste municipio rolda o 30% do que se produce en Galicia, converténdoa na localización idó-

nea para este centro de interpretación. Súmase a isto que Riós conta coas variedades máis apreciadas de castaña, tanto polo seu consumo en fresco como para a súa transformación. Así, a castaña convértese nesta comarca no eixo estratéxico de desenvolvemento do territorio. “Este centro de interpretación ofrece unha posibilidade diferente para que turistas e visitantes coñezan outro aspecto desta comarca de Verín”, salientou Nava Castro.

## Visita oficial



Marisol Díaz e Antonio Rodríguez.

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, mantivo no seu despacho unha xuntanza con Antonio Rodríguez Álvarez, alcalde de Montederramo, que lle transmitiu as principais necesidades do municipio. Díaz expresou-

lle ao rexedor deste municipio “todo o apoio, diálogo e cooperación da Xunta” co fin de obter a coordinación necesaria coa Administración local para dar resposta ás demandas dos veciños e veciñas e mellorar súa calidade de vida.

## Salvaterra unirase con Tui por unha senda fluvial

**Comezaron as Expropiacións de terreos pola beira do Río Miño**

O Concello resolveu estes días convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados pola Senda Fluvial que unirá Salvaterra con Tui que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do Concello de Salvaterra de Miño para que comparezan do 24 de abril ao 5 de maio na Casa da Cultura de Salvaterra. Con data 26 xaneiro de 2015, o Pleno da Corporación procedeu a declarar de utilidade pública as obras que se inclúen no proxecto e a necesidade de proceder a expropiación dos bens e dereitos dos propietarios. Con esta obra pretendese conseguir a recuperación do entorno natural dun tramo do Río Miño, mediante a implantación dunha senda peatonal de ribeira así como áreas de recreo e lecer, establecendo as condicións adecuadas que permitan o disfrute do

medio fluvial pola poboación. Este tramo ten unha lonxitude de 7,50 km dende o paseo existente que une o Parque da Canuda co Río Caselas, límite co Concello de Tui.

Esta senda fluvial inclúese dentro da rede Municipal de Sendas fluviais do Río Miño, Tea e Mendo, cun percorrido total para paseos e disfrute de veciños/as e visitantes de máis de 25 km, polas ribeiras dos citados Ríos. Salvaterra con este sendeiro pasará a ser o Municipio con máis kilómetros de sendas fluviais de toda Galicia.

O Concello segue apostando polo Medio Ambiente e pola natureza, sendo o Parque Público A Canuda o Pulmón verde do Sur de Galicia, contando cun Xardín Botánico de Orquídeas e proximamente inaugurarase un Acuario con toda a fauna dos Ríos,



*Paseo ao pé do Parque da Canuda en Salvaterra*

ambos son únicos en Galicia, e ademais somos unha Vila con máis de 1.000 árbores e máis metros cadrados de zonas verdes por habitante. Con accións como esta segue traballando para permitir a poboación unha convivencia co ecosistema fluvial. Débese protexer os espazos fluviais e potenciar a integración destas áreas nos núcleos de poboación, con actuacións que garantan o mantemento dos procesos fluviais naturais.

Os obxectivos principais que se perseguen dada a vulnerabilidade que presentan os ecosistemas fluviais e o valor estratéxico ecolóxico que conserva este río, por un lado realizar a mínima intervención posible, plantexar actuacións encamiñadas a favorecer os procesos naturais para conseguir sistemas estables e autosostibles e evitar efectos de contaminación da vexetación do bosque de ribeira.

## A mancomunidad Terra de Celanova formou a 15 desempregados en xardinería

Clausurouse o obradoiro de emprego que promoveu a Mancomunidad Terra de Celanova e que contou cun investimento da Consellería de Economía, Emprego e Industria de máis de 130.000 euros. A delegada da Xunta puxo en valor estes programas mixtos de formación e emprego que, segundo apuntou, incrementan a inserción no mercado de traballo dos seus participantes. Neste caso, o alumnado terá a partir de agora máis oportunidades para atopar un emprego como xardineiro. Marisol Díaz coñeceu os labores que desenvolveu o alumnado deste programa nas especialidades de xardinería e albanilería. Na visita tamén estiveron presentes os alcaldes e representantes dos municipios que promoven este obradoiro, concretamente os dos concellos de Celanova, A Merca, Vereá, Gomesende, Ramirás, Pontedevea, Cartelle e Quintela de Leirado.

A representante da Xunta en Ourense salientou que "apostar pola formación e a aprendizaxe é apostar pola creación de empregos estables e de calidade", e neste senso indicou que unha das prioridades do Goberno galego é mellorar a cualificación dos traballadores e traballadoras, ofrecéndolles unha formación vinculada á obtención dun certificado de profesionalidade

con validez nacional, como é o caso dos obradoiros. A delegada territorial expuxo as vantaxes que supoñen os obradoiros de emprego como é a súa contribución a fixar poboación no rural e agradeceu, deste xeito, a colaboración e coordinación dos

concellos cos obradoiros de emprego para contribuír a mellorar o emprego.

**Actuacións realizadas**

Durante os seis meses que durou esta iniciativa de emprego, logo da súa etapa inicial de formación, os alumnos e alumnas puxeron en práctica os coñecementos adquiridos. Así centraron os seus esforzos no mantemento de xardíns, parques e zonas verdes do barrio da Ermida e do aparcadoiro das Trigueiras, no concello de Celanova; en Vereá, na parcela Lama de Muíño; executaron accións de mantemento e mellora da zona verde da Concentración de canastros, en Val do Seixo, na Correioira, e na contorna da Casa do Concello,

no municipio da Merca; en Gomesende traballaron na contorna da Casa do Concello, e na contorna das escolas de Poulo e da capitalidade; o parque dos amedos do Picouto foi o lugar escollido para que os alumnos e alumnas traballaran no concello de Ramirás; en Pontedevea centráronse no entorno da capela de San Bartolomeu, en Xinzo, e nas contornas da ludoteca, do cruceiro e da praza do lugar de Trado; o campo da feira de Cartelle foi o emprazamento que beneficiouse das actuacións do obradoiro; e, finalmente, en Quintela de Leirado as accións xiraron arredor do centro de saúde, da Casado Concello e das piscinas municipais.



*Los alumnos recibieron os diplomas acreditativos.*

## Novas da Raia

Redacción

### Ministro do Planeamento visitou obras em curso na Linha do Minho

O Ministro do Planeamento e das Infraestruturas, Pedro Marques, acompanhado pelo Presidente da Câmara Municipal de Viana do Castelo, José Maria Costa, esteve na noite passada na Estação de Viana do Castelo, onde visitou as obras em curso na Linha do Minho, que está a ser alvo de uma empreitada de modernização orçada em 80 milhões de euros.

A visita, que decorreu durante a noite, altura em que decorrem os trabalhos na Linha, começou com uma apresentação das intervenções a realizar no âmbito da Modernização da Linha do Minho – Troço Nine – Viana do Castelo, pelo Diretor de Gestão de Empreendimentos da Infraestruturas de Portugal, Luís Marques e continuou com a visita às obras em curso.

À modernização da Linha do



Minho entre Nine e Viana do Castelo, já em curso, irá juntar-se à empreitada de eletrificação do troço Viana do Castelo – Valença/Fronteira.

A concretização destas duas empreitadas de requalificação e eletrificação da Linha do Minho, numa extensão de 93 quilómetros, dotará a via da capacidade de circulação de comboios de tração elétrica até à fronteira

com Espanha e representa um investimento superior a 80 milhões de euros.

A Linha do Minho integra o corredor Eixo Atlântico e a concretização do projeto de modernização reveste-se de extrema importância na ligação da rede ferroviária nacional a Espanha, nomeadamente na ligação a Vigo, aumentando a capacidade exportadora de mercadorias do país.

### Aprovadas as contas de 2016 da Câmara de Cerveira

Mantendo o desiderato de uma gestão autárquica rigorosa, responsável e transparente em prol do desenvolvimento de Cerveira e da melhoria da qualidade de vida dos Cerveirenses, a gestão municipal relativa a 2016 pautou-se pela significativa redução de dívida, pelo não recurso a qualquer empréstimo e pelos bons indicadores externos. Os documentos de Prestação de Contas de 2016 da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, submetidos hoje à apreciação do executivo municipal, em reunião ordinária, foram aprovados por maioria, com abstenção do PS.

Com uma taxa de execução orçamental de 89,7%, o exercício municipal referente ao ano transato em Vila Nova de Cerveira consolidou a política

de baixa fiscalidade, deu continuidade à implementação de boas e necessárias práticas sociais e reforçou o apoio às freguesias para obras de proximidade.

O edil cerveirense, Fernando Nogueira, destacou alguns dados que sustentam o equilíbrio e uma exemplar gestão financeira, nomeadamente a redução significativa da dívida global em 9,1% entre 2015 e 2016, sendo que no presente mandato (3 anos) a amortização foi de 21,8%; o Índice de Endividamento Líquido cifrado nos 0,35%; o prazo médio de pagamentos calculado pela Câmara Municipal é de 50 dias, embora pelos cálculos da DGAL seja significativamente inferior, e existindo uma margem disponível de endividamento de 2,2 milhões de euros.

### Aprovados subsídios anuais para associações de Vila Nova de Cerveira

A Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira aprovou, na última reunião, a atribuição de 215 mil euros a 38 associações do concelho de finalidade cultural, recreativa, desportiva e social. A esta comparticipação financeira anual acresce o apoio logístico na realização de atividades, bem como a cedência de transporte, me-

dante solicitação.

De acordo com o autarca cerveirense, Fernando Nogueira, “o associativismo desempenha cada vez mais um papel fulcral na dinamização de qualquer concelho, na preservação das tradições e também no reforço dos laços comunitários. Por isso, o Município vai continuar ao lado das associações”.

### Valença cidade de excelência

Novo urbanismo e turismo reconhecidos

O trabalho desenvolvido por Valença na área da requalificação urbana e da promoção turística mereceu a Valença o grau de Cidade de Excelência.

Este reconhecimento valoriza o trabalho que tem vindo a ser desenvolvido e o compromisso de Valença com as acessibilidades e uma cidade melhor para viver para todos.

A bandeira “Cidades de Excelência – Nível II”, foi atribuída a Valença pela Rede de Cidades e Vilas de Excelência o 21 de Março.

Na área da regeneração urbana Valença vê reconhecidas as práticas urbanísticas implementadas nas obras desenvolvidas e em curso na área da cidade e do centro histórico.

Na área do turismo Valença vê reconhecidos os projetos Fortaleza Viva e Muralha Digital.



Dois programas que permitiram novas leituras sobre a interpretação da evolução histórica de Valença, em especial do conjunto da Fortaleza.

Valença continua a apostar

numa cidade mais acessível para todos tanto fisicamente, nas ruas, praças e acessos a edifícios, bem como nas várias plataformas on-line de promoção da cidade.

**Seguimos ofrecéndonles  
información interesante  
na nosa WEB**

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**Visítennos**

**EIXOATLÁNTICO**  
JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIA

## Redacción

## O padroado dalle os parabéns á proposta Porta do Trega

No pleno do padroado celebrado o 22 de marzo debateuse a proposta de remodelación do espazo de recepción de visitantes e caseta de cobro de acceso ao Trega. Esta actuación, que xa recibira os parabéns da Comisión permanente, formada polas Comunidades de Montes da Guarda e de Camposancos e polo Concello, foi aprobada por unanimidade dos membros presentes do pleno do padroado.

Fai uns meses a Comisión permanente decidiu encargar a redacción desta proposta ao arquitecto guardés Mauro Lomba, proposta que el mesmo tivo a oportunidade de presentar a todos os membros do padroado.

Basicamente a proposta do arquitecto consiste na construción dunha nova caseta de cobro cos espazos adecuados para o desenvolvemento do traballo que controlará os tres carrís da estrada que sube ao monte; un para o control de visitantes, un carril de



servizo para as persoas que suban a desenvolver o seu traballo e profesionais de reparto e un carril de baixada. Na zona do "atallo" peonil máis próxima á caseta propónse a instalación de dúas pequenas edificacións: unha que sirva de zona de recepción e información ás persoas que soben a pé ao Trega e a outra para servizo do encargado da caseta.

Estas edificacións, que distan algo máis de 100 metros, irán unidas por unha lámina que que-

dará perfectamente integrada no bosque e que simboliza a porta de entrada a unha das iconas da paisaxe e do patrimonio máis importantes de Galicia. A obra deberá contemplar a rexeneración forestal con especies autóctonas do ámbito de actuación.

A partir de agora comeza a fase de redacción deste proxecto que está financiado pola Dirección Xeral de Turismo que ten unha reserva de 200.000€ para invertir no Trega este ano 2017.

## Lucy's Tire establece no Porriño o seu centro principal para España

Alcaldesa, Eva García de la Torre, e o concelleiro de Industria, Marcelino Coto, visitaron a firma Lucy's Tire, que terá no Porriño a súa planta principal en España.

Lucy's Tire, é unha empresa comercializadora de neumáticos, establecida nos Estados Unidos en 1985 que no ano 2000, logo de chegar a liderar a exportación do sector ao Centro e Sur de América e o Caribe, abre sete filiais no estado de Florida dando servizo, anualmente, a máis de 25.000 transportistas, converténdose nunha referencia nesta industria.

Os propietarios desta multinacional, José

Ríos, natural de Galicia, e Lucy García Ríos, de país galegos, deciden hai 4 anos abrir unha delegación en Galicia, concretamente en Pontevedra, fundando LucyTire España, dirixida por Jeronimo Ríos.

Logo de integrarse no mercado europeo, a empresa ven de dar un novo paso e investir no seu propio centro de servizo de Automóbiles e Camións no Porriño e, dende aquí, levar os seus produtos a toda a Península Ibérica.



## Redacción OURENSE

## Clausurado o obradoiro Caldelas II que deu traballo a 20 desempregados

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Moureira, participou en Castro Caldelas na clausura e entrega de diplomas do obradoiro de emprego Caldelas II que promoven os concellos de Castro Caldelas, A Teixeira, Montederramo, San Xoán de Río e Chandrexa de Queixa. Díaz Moureira puxo en valor estes programas mixtos de formación e emprego que, segundo apuntou, incrementan a inserción no mercado de traballo dos seus participantes. Neste

caso, os alumnos e alumnas terán a partir de agora máis oportunidades para atopar un emprego en xardinería e atención sociocomunitaria en institucións.

Marisol Díaz coñeceu os labores que desenvolveu o alumnado desta iniciativa de emprego que contou cun investimento do departamento autonómico dirixido por Francisco Conde de preto de 180.000 euros. Os 20 alumnos que se formaron e traballaron neste obradoiro realizaron labores de albanilería e xardinería en

distintas zonas dos concellos promotores. Entre outras actuacións, limparon, axardinaron e acondicionaron a praza da Lama da Abeleda, na Teixeira; área da Mogainza, en Montederramo; e as fontes de Donecelle, As Ribadas, Cambela e San Miguel, en San Xoán de Río; así como distintos traballos de roza e recuperación de rutas de senderismo no municipio de Castro Caldelas e nos lugares de Celeiros e Queixeliña pertencentes ao concello de Chandrexa de Queixa.



Os participantes son veciños e veciñas de Castro Caldelas, A Teixeira, Montederramo, San Xoán de Río e Chandrexa de Queixa.

**edades**  
servicios sociales  
*Estamos Contigo*

AT GUARDIAS 673 515 907

**VISITA NUESTRA TIENDA**  
CIENTOS DE PRODUCTOS IN SITU

**Avd. de Marín 33 - Ourense - T-988 375 772**  
**WWW.AYUDASTECHNICASOURENSE.ES**

## Entrevista

Por Pilar Martínez

Enrique López Veiga, presidente da Autoridade Portuaria de Vigo

### “Temos que estar preparados para dar solución ao crecemento do tráfico do porto e prever ampliacións a longo prazo”

**C**on diferentes retos sobre a mesa, como a recuperación dos tráficos do porto ou a posta en marcha da PLI-SAN, Enrique López Veiga (A Coruña, 1947) amosa a súa preocupación por que a infraestrutura portuaria estea preparada para o seu crecemento a longo prazo. Presidente da Autoridade Portuaria desde 2015, pero cunha longa traxectoria política (xa foi conselleiro de Pescaduranteas lexislaturas 1990-1993 e 2001-2005) considera indispensable a colaboración entre as distintas administracións.

**Resulta inevitable comezar falando da estiba. Desde o seu punto de vista, cal debería ser o punto de acordo para solucionar este conflito?**

Hai un problema grave de interpretación das cousas, que non se facilita pola actitude de certos grupos no Congreso. Non estamos falando dun acordo, senón dunha sentenza que é de obrigado cumprimento. O que pasa é que esa sentenza obriga a modificar a lexislación española, pero como o texto é unha lei ten que pasar formalmente polo Congreso dos Deputados. Pero as sentencias hai que acatalas e punto. O PSOE sábeo e é imposible que non o saiba porque é un partido que gobernou e mesmo está na orixe do problema. Cando se aprobou a sentenza foi baixo presión da Comisión, o PSOE pediu o apoio do Partido Popular e llo prestamos. O que pretenden os estibadores non se pode supeditar á aprobación do decreto, son cousas diferentes e a solución terá que vir vía convenio colectivo. Pero o decreto hai que aprobalo e se non se aproba empezaremos a ter multas coercitivas, porque é de obrigado acatamento. **A que se refire cando di que a solución virá polo convenio colectivo?**

Efectivamente, sabemos que cambia o sistema laboral dos estibadores, xa que pasan dunha situación de ter un monopolio a ter que competir; entón é lóxico arbitrar medidas de adaptación, que é o que se está intentando facer estes días.

**A sentenza é de decembro de 2014; por que o Partido Popular non levou adiante este decreto cando tiña maioría?**

As cousas non son tan sinxelas. No 2015 tiñamos un proceso electoral e non parecía moi lóxico sacar este tema, senón que se pensou que tería que facelo o novo goberno. O que pasou é que logo nos tiramos un ano en funcións, algo que non estaba previsto. E un goberno en funcións non pode iniciar trámites lexislativos novos, polo que nos colleu un ano enteiro baleiro. De calquera maneira, e iso o saben todos os partidos políticos, as conversas foron dunha intensidade tremenda ao longo de todo o 2016 entre a Comisión e



o goberno. Hai intercambios de cartas que foron proporcionadas aos sindicatos e aos partidos políticos e saben perfectamente o que pode ser e o que non pode ser.

**O 2016 foi un ano complicado para o Porto de Vigo, en parte precisamente polo conflito da estiba, polo PIF e pola marcha de Maersk a Marín. Considera que se dan as condicións para recuperar as cifras de tráfico anteriores?**

Si, porque o porto de Vigo ten condicións innegables. En primeiro lugar a industria que move o porto está ubicada nel e nos seus arredores, polo que é un porto moi singular, non por exemplo como Alxeciras, que almacenan contenedores sen ter ningunha relación real. Vigo traballa para a industria e do porto sae o que produce a propia industria. Esta é unha vantaxe difícil de debater. A segunda é o calado. O porto de Marín, como máximo ten 14 metros e tal e como vai a tendencia mundial de transporte non chega, porque imos a calados de polo menos 15 ou 16 metros, que nin os ten Marín nin Leixoes. Precisamente Leixoes é un porto pequeniño, que ten que facer voladuras; mentres que aquí a Ría é inmensa e non hai que facer ningunha infraestrutura de abrigo. O que pasa é que primeiro temos que suprimir o problema da estiba, que Marín non a ten, e unha vez que desapa-

reza, Vigo se recuperará seguro. Ademais, en canto resolvamos os problemas do PIF, que estamos buscando solucións e non imos mal, Leixoes deixará de ser tan atractivo. E se na planificación estratéxica non se poñen demasiadas trabas ao desenvolvemento natural do porto e ás ampliacións necesarias a longo prazo, cunha tramitación ambiental incontestable, o desenvolvemento será seguro.

**Considera necesario facer máis ampliacións no Porto?**

Algunha cousa haberá que facer, pero respectando o perfil da ría. Hai moita esollera que non vale para atracar buques, polo que haberá que transformala en puntos de atraque, por exemplo no porto pesqueiro, na parte da terminal ro-ro. Nós pretendemos ir gañando primeiro onde non haxa que facer grandes cousas, pero algunha ampliación haberá que facer a longo prazo, sobre todo na terminal de contenedores, polo que haberá que tela prevista. A curto prazo, 6 anos por exemplo, non é necesaria; pero se os tráficos crecen, hai que estar preparados para dar unha solución e prever futuras ampliacións.

**Recentemente vostede estivo en Tánxer, nun Encontro Empresarial Hispano-Marroquí de Transporte e Loxística, co obxectivo de captar novos tráficos para Vigo e impulsar a autopista do mar.**

**Como valora a misión?**

Valóroa moi ben. Nós chegamos alí cun plantexamento completamente distinto ao de outros portos, como Barcelona ou Alxeciras, que ían falar do bo que era o seu. Nós fomos cun enfoque distinto: fomos dicirlle aos tanxerinos que para nós Tánxer é dunha importancia estratéxica para a nosa industria, en concreto para PSA Citroën porque vai abrir unha nova factoría moi preto, e nós temos que acompañar o desenvolvemento industrial. Tamén sabemos que no téxtil hai posibilidade de ida e retorno; así como na pesca, na que Marrocos é un produtor número un, e nós temos unha gran necesidade de importación para alimentar a industria de transformación. Todo isto foi acompañado dunha decisión moi valente de Suardiez, á que nós lle estamos moi agradecidos, que decidiu motu propio alargar a autopista do mar até Tánxer. Eu creo que esta decisión vai traer moito fluxo e dinamismo á industria de Vigo. Precisamente o 5 de abril comeza a autopista atlántica e o 7 chega a Vigo.

**Desde o ano 2010, con 112 cruceiros, as cifras de atraques na cidade tamén se resentiron e nos últimos catro anos mantéñense en algo máis de 80. A que se debe este descenso?**

Débese a moitos factores. O normal está arredor dos 80 cruceiros e non cabe esperar un desenvolvemento explosivo en Vigo. Este ano baixaremos até os 70; aínda que as perspectivas eran moito peores logramos enderezar o ano. O 2018 tampouco ten unhas expectativas excesivamente boas. Isto se debe a que Coruña está mellor situada. Moitos destes cruceiros saen de Southampton e van a Coruña; para que se animen vir a Vigo necesitan máis velocidade, o cal ten un custo adicional, polo que vai ser complexo e longo reverter esta situación. Por outro lado inflúe o desenvolvemento do mercado asiático. Probablemente hai demasiadas expectativas pero moitos dos grandes cruceiros, que son os que veñen a Vigo, fóronse para o mercado asiático e pacífico. Ademais prodúcese o fenómeno de repetición de escala, é dicir, moitos cruceiristas repiten viaxe, pero queren escalas distintas. Temos que procurar facer máis atractiva a escala de Vigo e facerlles comprender que hai distintas alternativas mediante accións xuntas e enérxicas.

**Neste sentido, que tal é a relación entre Porto e Concello?**

É boa. Neste aspecto non hai problema, hai que chegar a acordos e non hai esquivas nin dereitas, nin un partido nin outro. A economía da cidade necesita coordinación e as institucións están para entenderse, non para pegarse.

## Redacción NdEA

...ven da páxina anterior

**O proxecto Portocultura por fin toma forma e se todo vai ben estará rematado en medio ano. A Autoridade Portuaria xa recibiu solicitudes de empresas para instalarse neste espazo?**

Efectivamente estanse empezando os traballos e agora que se ve que hai actividade xa hai preguntas. Vai ser un espazo de interacción entre porto e cidade e á idea que había de facer algo cultural houbo que darlle unha volta. Albergará oficinas, porque hai demanda para elo; o Centro do Mariño, xa que a OMI (Organización Marítima Internacional) esixe que exista nos portos e non estabamos cumprindo; e tamén a ITF, que é unha organización internacional que facilita asistencia humanitaria e legal aos mariños. Todo aquel navegante que veña e teña problemas, saberá que hai un centro

no que se lle prestará asistencia.

**Da Plataforma Loxística PLISAN está en fase de redacción o proxecto de máis de 500.000 metros cadrados e nela o Porto prevé investir arredor de 5 millóns ao longo deste ano. A que se destinará este investimento?**

Na PLISAN están practicamente rematadas as infraestruturas xerais. Está cruzada por dúas autovías, unha que sae da A-52 e a atravesa até o Miño e outra transversal, que están practicamente finalizadas. Falta urbanizar algunhas zonas, xa que se vai comezar polo espazo máis próximo á autoestrada, e que probablemente vai acometer a Zona Franca, xa que ten máis experiencia. Ademais temos que traballar na terminal de ferrocarril, que está ubicada no sur, posto que a intermodalidade é moi importante. E

tamén temos que facer as dúas estacións depuradoras, a de tratamento de augas e a de augas residuais.

**Cando espera que a PLISAN estea en funcionamento?**

Entendo que a finais deste ano estará en condicións de funcionar, posto que está practicamente lista. O Porto quere se instalen rapidamente as primeiras industrias, xa que elas van ser as que arrastren o resto. Pero algo teremos que facer no futuro, porque a lexislación é terrorífica e se tardan moitos anos en resolver litixios. A lentitude dos procesos administrativos en España é desesperante, a todos os niveis.

**Considera que a PLISAN dará resposta as necesidades de solo industrial do sur de Galicia ou que pola contra as empresas valorarán como mellor opción trasla-**

**darse ao norte de Portugal?**

Sen dúbida. Son 3 millóns de metros cadrados. As industrias que se instalen en Monçao van saír polo porto de Vigo, polo que inicialmente temos este problema porque presentan unhas condicións de difícil competencia, pero as que estean na PLISAN van ter unhas condicións por ferrocarril e por autoestrada que Monçao non terá. Ás veces o caro é barato e o barato é caro. É un problema que non tiñamos que ter, porque a lexislación española e a comunitaria é moi clara: non se pode vender nin ofertar oferta pública por debaixo do prezo de custe. Esta lexislación tamén lle afecta a Portugal e ao respecto temos moitas interrogantes. Nalgún momento teremos que discutir isto e deberá ser a Comisión a que estude o que acontece.

## Presentado o Plan Móvese para a seguranza nas estradas no Morrazo

O Centro Social do Mar acolleu a presentación do Plan Móvese da Deputación de Pontevedra no Morrazo, que ten como obxectivo prioritario fomentar a seguranza viaria nas estradas provinciais a través de métodos de redución da velocidade dos vehículos e a prioridade dos peóns.

O Plan materializarase na instalación, en toda a provincia, de 337 Pasos de Peóns Sobreelevados (PPS), 260 Redutores Físicos de Velocidade (RFV) ou lombos, coa finalidade de limitar eses tramos a unha velocidade máxima de 30, ao que se engadiría a sinalización horizontal do 60 % dos viais pro-

vinciais en mal estado.

No caso da comarca do Morrazo, o investimento global do plan Móvese é de 398.297 euros, cos que se instalarán 37 pasos de peóns sobreelevados e 24 redutores físicos de velocidade. A maiores, o investimento en pintado horizontal será de 51.441 euros.

No municipio de Cangas instalaranse dous pasos de peóns elevados e cinco redutores de velocidade en tres estradas provinciais. Pintaranse, por outra banda, os viarios Magdalena-Aldán, Vilariño-O Hío, O Hío-Vilanova e os accesos ás praias de Nerga e Liméns. O investimento será de 39.090 euros.

Moaña terá dez novos pasos elevados e tres reductores de velocidade e se repintará a estrada entre Moaña e Coiro. O investimento será de 91.436 euros

No caso de Bueu, vanse adoptar medidas nas seguintes estradas: EP 1301: Alto da Portela – Beluso, EP 1302: Beluso – Cabo Udra, EP 1303: Banda do Río – A Portela, EP 1304: Bueu – Igrexario de Cela, EP 1305: Igrexario de Cela – Outeiro – Bueu, EP 1306: Portela – Ermelo e EP 1308: acceso a Praia de Lagos. En total, nestes puntos vanse instalar quince de pasos de peóns sobreelevados e outros quince Redutores Físicos de Velocidade, que



supoñen un investimento total de 177.064,27 €.

Segundo avanzou o deputado, esta primeira fase do plan vaia adjudicar no prazo dun mes a catro empresas diferentes se-

gundo os lotes de actuacións, e está previsto que se programe unha segunda fase na que se van ter en conta os proxectos que non se puideron incluír desta volta.

**Galpellet**

Oficina Comercial  
Concordia nº1 Ofc. 1ºB 32003 Ourense  
988 60 70 20  
673 627 197  
Email: pedidos@galpellet.net

## El pellet que te cuida

**OTROS**

- ¿Cuida tus instalaciones caloríficas? **no**
- ¿Es responsable con el medio ambiente? **no**
- ¿Utiliza 100% madera de pino natural? **no**
- ¿Cumple con todas las garantías EnPlus A1? **no**

**Galpellet**

- ¿Cuida tus instalaciones caloríficas? **si**
- ¿Es responsable con el medio ambiente? **si**
- ¿Utiliza 100% madera de pino natural? **si**
- ¿Cumple con todas las garantías EnPlus A1? **si**

Pásate al pellet, porque es más seguro, sin riesgos de explosión, y sin ningún riesgo para tu salud.

**La energía más económica**

EN A1 plus

[www.galpellet.net](http://www.galpellet.net)

## Q de Calidade Turística para o Centro Médico El Carmen

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, valorou o “enorme compromiso” dos profesionais galegos por acadar a excelencia turística porque co seu esforzo, dixo, ademais de acreditar a súa solvente xestión tamén contribúen a aportar “prestixio, diferenciación, fiabilidade e promoción” á nosa comunidade como destino turístico. Castro fixo estas declaracións en Ourense no transcurso do acto de descubrimiento da placa Q de Calidade Turística ao Centro Médico El Carmen, un recoñecemento outorgado polo seu traballo no eido do turismo de saúde. Recordou o destacado papel deste centro médico na cidade de Ourense e resaltou o seu traballo pioneiro na concepción da saúde pensada para as per-

soas. “Neste hospital son quen de ofrecer un servizo de atención integral médica cun servizo de recuperación baseado en técnicas termiais mesturando á perfección a medicina coas propiedades curativas das nosas augas”, destacou.

Centro Médico O Carmen é o terceiro hospital de España con este recoñecemento. Os establecementos avalados pola Q de Calidade pasaron por unhas estritas auditorías que aseguran que a súa prestación de servizo é garantía de calidade, seguridade e profesionalidade.

A Q de Calidade Turística garante a calidade en procesos básicos do hospital como a hospitalización e o servizo médico. Máis concretamente certifica a calidade de aspectos tan importan-



Carlos Morante e Nava Castro descubrindo a placa.

tes como as instalacións, habitacións, limpeza, mantemento, res-

tauración, proceso de reserva, aco-  
llemento do paciente e acompaña-

mento por parte do persoal durante toda a estancia do paciente.

# SEMANA SANTA 2017

## Ribeira en Sacra

### VINOBUS románico

### MINERÍA AURÍFERA

**VEN A...**

**VINOBUS (grupos)**

**ROTA A: OURENSE** Viernes 14 de abril (10 € por persona)

10:00 h. Salida desde Ourense (Parada de bus Parque de S. Lázaro)

11:00 h. Visita a Compañía Anónima

12:00 h. Visita a bodega con degustación en Casa do Mondo

14:00 h. Tiempo libre para la comida y paseo en Monforte de Lemos

17:00 h. Visita a la mina en Río Ribeira Sacra con degustación

18:30 h. Visita a bodega con degustación en Arzobispado

20:00 h. Llegada al Parque de S. Lázaro

*(Según demanda, posibilidad de salida de un segundo autobús haciendo ROTA B)*

**ROTA B: OURENSE** Sábado 15 de abril (10 € por persona)

10:00 h. Salida desde Ourense (Parada de bus Parque de S. Lázaro)

10:45 h. Visita a Monasterio de San Pedro de Rocas

12:30 h. Visita a bodega con degustación

13:30 h. Visita a bodega con degustación

15:00 h. Tiempo libre para la comida (recomendamos reserva previa)

17:00 h. Visita a la mina de Costas Cereiras

18:30 h. Visita a Monasterio de Monasterio de San

20:30 h. Llegada al Parque de S. Lázaro

*(Se incluye regalo de entrada al Centro del Vino AS (Monforte de Lemos) (Según demanda, posibilidad de salida de un segundo autobús haciendo ROTA A)*

**ROTA C: MONTE DE LEMOS** Sábado 15 de abril (10 € por persona)

10:00 h. Salida Monforte de Lemos. Entrada a la zona de Parque de los Cordes

11:00 h. Visita a la mina de Monasterio de las Bernardas

12:00 h. Visita a bodega con degustación en Parador de Casa do Mondo

13:30 h. Visita a bodega con degustación en Ribeira

21:00 h. Llegada a Monforte de Lemos

*(Se incluye regalo de entrada al Centro del Vino AS (Monforte de Lemos))*

**INFORMACIÓN Y RESERVAS VINOBUS**

Necesaria reserva previa

Tel: 986 64 12 69

novasdoeixoatlantico.org

(reserva gratuita solo con comprobante)

Disponible mínima para garantizar salidas:

10 personas

Máximo por grupo: 20 personas

El precio incluye: transporte en minibús, guías especializados en historia y cultura y entrada a bodega y a otros puntos de interés

### románico

**ROTA A: Viernes 14 de abril, 10:30 h.**

**Románico de Pantón-Seber**

Punto de encuentro: Ayuntamiento de las Bernardas en Ferreiro de Pantón

Visitas: Monasterio de las Bernardas, San Miguel de Lillo, Santa Mª de Proencos y mil refer

**ROTA B: Viernes 14 de abril, 10:30 h.**

**Románico de O Saviñao**

Punto de encuentro: Iglesia de Sta. Estrella en Ribas de Miña

Visitas: Santo Esteban de Ribas de Miña, San Martiño de A. Cova, Sta. Maria de Selevarán y Oubras de Alandrea

**ROTA C: Sábado 15 de abril, 10:30 h.**

**Románico de Taboada-Chantada-Carballo**

Punto de encuentro: Casa de la Cultura de Chantada (Oficina de Turismo)

Visitas: San Pedro de Bembibre, San Salvador de Arca y Santo Esteban de Chantada

**ROTA D: Jueves 13 de abril, 16:30 h. y sábado 15 de abril, 12:30 h.**

**Románico en Monasterios (Oqueiroa de Ramón-Parada de STI)**

Punto de encuentro: Avda. Clara Pidoja, Delante Facultad Politécnica (Derecho ciudad)

Visitas: Monasterio de Santo Estevo, Monasterio de Calagorria y Monasterio de Santa Odrada

**6 € por persona**

El precio incluye: Guía oficial especializada en románico y acceso a los puntos de interés

Estas rutas no incluyen modo de transporte. Se hace en vehículo particular o guiado al del guía oficial

*(No se requiere reserva previa. Salidas garantizadas)*

**MÁS INFORMACIÓN RUTAS ROMÁNICO**

Tel: 986 64 12 69 o en novasdoeixoatlantico.org

### MINERÍA AURÍFERA

**ROTA DE LA MINERÍA AURÍFERA EN RIBEIRA SACRA**

Oferta forma parte de la historia de Ribeira Sacra, especialmente en el valle de los ríos Sil y Lúa, y por eso queremos mostrar algunos de los yacimientos arqueológicos en los que conocemos los sistemas de explotación que el imperio romano utilizaba para extraer metales preciosos. Y sobre la posibilidad de encontrar una demostración de la búsqueda de este metal precioso. ¿Somos capaces de encontrarlo?

**ROTA A: Viernes 14 de abril, 10:30 h.**

**Quiroga - A Pobra do Brollón**

Punto de encuentro: Entrada a la zona de Parque de los Cordes (Monforte de Lemos, Lugo)

Visitas: Mangado, Quiroga, Montellana, A Pobra do Brollón

**ROTA B: Sábado 15 de abril, 10:30 h.**

**Quiroga - Ribas de Sil**

Punto de encuentro: Entrada a la zona de Parque de los Cordes (Monforte de Lemos, Lugo)

Visitas: Mangado, Pena do Ladoiro (Castro), A Casela (Castro), Montellana

**6 € por persona**

El precio incluye: transporte en minibús, guía oficial, aperitivo y posibilidad de demostración de un taller de oro (en función de la disponibilidad de tiempo)

Necesaria reserva previa

Ocupación mínima para garantizar actividad: 10 personas

Máximo de participantes: 20 personas

**INFORMACIÓN Y RESERVAS ROTA DE LA MINERÍA AURÍFERA**

Tel: 986 64 12 69

novasdoeixoatlantico.org (reserva gratuita solo con comprobante)

**Ribeira Sacra**

**XUNTA DE GALICIA**

**galicia**